atenea

revista trimestral editada por el ateneo ferrolano - nº6 - junio 2001 - 450 ptas.



especial 25 aniversario



Ferrol, capital cultural

Obras e Equipamento de Cultura

OBRAS REHABILITACIÓN TEATRO JOFRE

· PRESUPOSTO:	855.245.030 Pts.
· ESTADO:	513.147.018 Pts.
· CONCELLO:	342.098.012 Pts.
· EXECUCIÓN:	32 meses
· LICITACIÓN:	12 horas do 14-06-2001
· ADXUDICACIÓN:	12 horas do 25-06-2001
· REMATE:	Ano 2003

(Convenio Ministerio de Fomento - Concello de Ferrol)

TERMINACIÓN CENTRO TORRENTE BALLESTER

En execución.

· PRESUPOSTO:	100 millóns. 50 millóns: Xunta de Galicia 50 millóns: Concello.
· CONTRATA:	Alcuba, S.A.
· REMATE:	XII - 2001

AMPLIACIÓN BIBLIOTECA CENTRAL - PLAZA DE ESPAÑA

· PRESUPOSTO:	32 millóns.
· CONTRATA:	HIPERDECO
· EXECUCIÓN:	2 meses.

BIBLIOTECA MUNICIPAL CARANZA

· Próxima inauguración.



Concello de Ferrol
CULTURA

editorial

25 anos do Ateneo Ferrolán recollen tanta historia que... non chegarían tódalas páxinas de calquera revista... para contar canto aconteceu nestes 25 anos.

Xentes que viviron o seu longo parto, longas horas de debate e confrontación das diferentes ideas daqueles que se reunían, ás agachadas -eran tempos difíciles, de cambio social logo da morte de Franco-, cun propósito común como era, artellar algo que servira para pular todos por esas ansiadas libertades que tanto tardaron en chegar.

Socialistas, comunistas, anarquistas..., republicanos, nacionalistas, simplemente galeguistas..., todos eles demócratas e como tales antifranquistas. Moitas ilusións postas nun proxecto común que daba para moito que falar e quefacer, e logo o tempo demostraríao.

Sonche moitas historias artelladas arredor dunha idea que nos movía a tod@s. Son incontables actividades, tanto pola cantidade como pola diversidade e pluralidade, na ideoloxía e na variedade. Música, cine, teatro, exposicións, excursións, actividades de rúa... Mesas redondas con debate e confrontacións ideolóxicas, con moita discusión si, mais con moito respecto. Sesións de cinefórum con películas que tardarían moito en chegar pola súa apertura, representacións teatrais de avangarda... Teatro que, de non ser polo esforzo do Ateneo, das súas xentes non virían por Ferrol. Teatro galego que, co forte pulo da Feira de Ribadavia, no ano 1973, en Ferrol tería a súa continuación da man do Ateneo Ferrolán ata este último ano 2000 no cal, o Concello decidíu que era maior prescindindo dos servicios do Ateneo.

No ano 1983, coa inauguración das novas instalacións na rúa Madalena, nun edificio do Legado Carvajal, o Ateneo Ferrolán ofrece un servicio mais que, dende enton, e dun xeito altruista manten a súa continuidade: o servicio público de Biblioteca e Hemeroteca. Alí pasan moitas horas de traballo e estudio moitas desas persoas que hoxe, coas súas publicacións, están a recupera-la memoria histórica, algo moi necesario para alguns que esquecen ou non valoran ese traballo calado e silencioso daqueles que fan as cousas porque si, sen buscar mais.

Nese recupera-la Memoria histórica está esa publicación que dende hai moitos anos o Ateneo ven mantendo ininterrumpidamente sobre xentes ou acontecementos de Ferrol ou, seguindo con esa continuidade as Xornadas da Gaita -na súa 15ª edicción- ou, ese Constantino Bellón dende a súa primeira edicción, no ano 90, que hoxe coñecen no último rincón do mundo onde hai un centro galego.

Non queremos amolar máis coas lerias, tratábase, sen máis, dun pequeno e obrigado recordo para tod@s cant@s fixeron posible que o Ateneo Ferrolán chegase a cumprir eses 25 anos de servicio ininterrumpido, altruista e desinteresado á cultura e á sociedade ferrolana e ...

Coa forza moral que eso che aporta dicir
Gracias a tod@s por eses 25 ANOS

Ateneo Ferrolán



atenea
revista trimestral do ateneo ferrolán

limiar

EQUIPO TÉCNICO E REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo
José A. Villar Corral
Fernando Ocampo Montesinos
Mª del Mar Villares Díaz

CORRECCIÓN LINGÜISTICA
Margarita Souto Fraga

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º Ferrol
Tel.: 981-357-970
981-354-098
Fax: 981-354-098
E-mail: a_ferrol@teleline.es
ISSN: 1575-9679

COLABORACIÓNS
Agustín Fdez. Paz
Antonio Ruzo
Aurora Vázquez Aneiros
Luis Calvo Teijo
Rosa Méndez Fonte
Bernardo García Cendán
Agustín Sixto Seco
Juan J. Burgoa
Isaac Díaz Pardo
Xosé Leira López
Euloxio Ruibal
Cristina Almeida
José Graña Carrodeguas
José Seoane Iglesias
Xosé Luis Barreiro Rivas
Bernardo Máiz Vázquez
Ascensión Cambrón

nº6
especial
25
aniversario

Hoxe, con este número de Atenea, queremos salientar varias cousas a primeira, moi especial, como é o da celebración deses vintecinco anos de existencia deste novo Ateneo que sigue a mante-la tradición do porque dos ateneos, a segunda delas é o saudo a esa nova xeira que comeza este mes co cambio de Xunta Directiva, á que queremos saudar dende a Redacción de Atenea e desexar toda sorte de éxitos e acertos nese duro camiño de dirixir unha sociedade con tanta raigame e compromiso social e cultural como ven amosando o Ateneo Ferrolán dende sempre.

Esta edición especial de Atenea quixemos dedicala, dentro do noso pequeno alcance, mais si con toda a vontade e corazón, a recoller un pouco do que nos consideramos o que foi e está a ser o Ateneo para Ferrol. Asi, quixemos reunir nunha pequena escolma voces e recordos das actividades e persoas que pasaron pola tribuna ateneística durante estes vintecinco anos. Neste senso, falamos con moitas persoas colaboradoras e sí, destaçar que, todas elas, e -esto ven sendo unha tónica xeral- cando lles dis "Chamo do Ateneo Ferrolán para perdirche..." a acollida sempre foi aberta e xenerosa, sen excepcións.

Nesa liña, tentamos falar, dende o que foi a aparición desta nova xeira e persoas que se implicaron totalmente para conseguila, como tocar aqueles temas que foron eixos fundamentais no andar do Ateneo: o cine, o teatro, a muller, o medioambiente, a lingua e o ensino asi como política, igrexa e outros temas sociais, algún dos últimos tempos como a bioética. Quedan moitos que tocar posto que, vintecinco anos, como di a Editorial dan para moito (a solidariedade, música, as artes...). Para todos eles buscamos xente que tivera algunha implicación co Ateneo, uns polo seu interese e colaboración no seu día, outros polo seu compromiso máis directo, ou porque podían falarnos de cousas máis achegadas, máis concretas. Quedaron moitos, todos eles moi importantes, e non falamos de sona. Cos que aparecen hoxe aquí, queremos recordar, homenaxear e recoñece-la importancia que temos todos en facer camiñar á sociedade polos canles da palabra, do compromiso social, do respecto a tod@s (ideas, culturas, línguas...).

Para todo iso, pensamos que é moi necesario a existencia e forza de entidades como o Ateneo Ferrolán.

Paga a pena

A Redacción
25º Aniversario
(1º Ano de Atenea)



sumario



O ateneo ferrolán. un patrimonio da cultura galega

Os diferentes valores que xiran en torno ó patrimonio, a súa especifidade e o modo en que este se conforma son algúns dos trazos propios dunha cultura e diferenciadores con respecto a outras. Deste xeito, o patrimonio, entendido de modo global, actúa na nosa sociedade como elemento distintivo, ata o punto de converterse nunha herdanza a través da cal cobra sentido a memoria colectiva dunha comunidade e á que esta acude cando desexa manterse máis alá do tempo.

Por outra banda, non hai que esquecer que o patrimonio é un dos meirandes reflexos significativos das claves (históricas, presentes e, en determinados casos, futuras) desa sociedade na que se inscribe; característica, pois, que o sitúa nos límites onde acada o seu sentido a identidade colectiva. Dito doutro modo, patrimonio e identidade percorren parellos unha mesma senda, na que poderán atoparse, igualmente, os principais elementos que conforman a vida cultural dos pobos.

Non son poucos, aínda na actualidade -e dende unha visión reduccionista e sesgada, que amosa un escaso coñecemento da sociedade en que están inmersos- os que delimitan o campo patrimonial ós reducidos ámbitos da arte e a arquitectura. Cando, sen deixar de ter en conta o papel sustancial de ambolosdous no desenvolvemento cultural dunha determinada comunidade, estes, a penas son máis que un sifnigficativo eido dentro do amplo espectro patrimonial.

De aí a confusión e a pertinaz pregunta que, ó máis puro estilo becqueriano, ten sobrevoado -e non poucas veces chegou a apousar- nalgunhas reunións de pensantes da máis diversa índole: Pero ¿qué é patrimonio?. A resposta non pode ser pois, menos precisa e ata lírica: Patrimonio é unha construcción social. As miradas crúzanse, os xestos amainan e, finalmente, a conversa toma outro camiño máis amable.

Que é patrimonio. Ningunha das representacións físicas ou sensoriais dos bens culturais, comprendidos dende a súa vertente global (histórico, arquitectónico, literario, musical, artístico, da memoria, tradicional...etc) posúe en si mesma valor algún; é dicir, a conformación do patrimonio non parte de valores intrínsecos que poidamos achar neste; pola contra todo canto é ou pode chegar a significar chega a nós a través dunha serie de valoracións profundamente culturais. Deste modo, estamos ante un proceso dinámico e de carácter social, que culmina na sanción a través da cal pode ser lexitimado calquera tipo de ben -ó ser resignificado e convertido en patrimonial; valoracións, pois, todas elas relacionadas co conxunto social que toma para si a función de darlle un novo sentido a estes obxectos.

En todo este proceso xogan un importante papel os valores que se está a manexar, do mesmo xeito que a a autoridade do sector social que formula a proposta, e o recoñecemento -ou credibilidade- daqueles a que esta vai dirixida.

E xa neste punto, volvemos a retomar a pregunta inicial: ¿Qué é patrimonio?. A resposta non pode ser outra que: Patrimonio é todo aquilo que a sociedade sanciona como tal; dito doutro modo, tódolos obxectos ós que se poden acceder a través dos sentidos e que, dende unha sanción social, acadaron ese estatuto. De aí a importancia de prestar atención ó xogo das estratexias levadas a cabo no momento en que un ben é recoñecido por todos como patrimonial e nas que, non debe esquecerse, está presente o sumatorio: realidade, ideas, valores e intereses. Sen esquecer que neste proceso, no que a simboloxía identitaria acada un lugar primordial, podemos atopar ás veces unha forte manipulación da sociedade: feito que se ten dado non poucas veces ó longo da nosa historia.

Xa desenvolta esta, moi breve, síntese da configuración patrimonial, entraremos agora a facer unha, igualmente breve, análise do encabezamento destas páxinas: O Ateneo Ferrolán. Un patrimonio da cultura galega.

Á marxe das evidencias: un edificio histórico inscrito nun barrio histórico. A presencia mesma do Ateneo en Ferrol, como entidade sociocultural, pode xa considerarse histórica, ó ter

detrás de si unha bagaxe que aprofunda a súa raigame moito máis atrás destes vintecinco anos que se están a conmemorar, e que conforman un novo capítulo inscrito na historia da cidade. Unha presencia que ha de ser considerada como un producto social, no sentido de que tivo -e aínda está a ter na actualidade- tras de si un amplo sector da sociedade que se ocupou de mantelo vivo; afianzando, deste modo, o seu carácter de permanencia.

Indo ós orixes; os Ateneos tomaron o seu nome dos primitivos templos consagrados ó culto de Minerva ou Atenea, protectora das ciencias e das artes. No século XVIII, estas asociacións destacaban polos seus estreitos vículos coas correntes liberais, do mesmo xeito que pola súa permanente difusión das novas liñas literarias e ideolóxicas. En España, a súa presencia data do século XIX; século en que constituiu en Madrid o Ateneo Científico e Literario -fundado por Alcalá Galiano, Flores Calderón e o Duque de Frías-, concidindo co Trienio Constitucional de 1820-182.

O nacemento do Ateneo en Ferrol data de 1879; o día 6 de febreiro, no Salón de Sesións do Concello tiña lugar unha xunta da que, posteriormente sairía o seu primeiro Presidente: Manuel Estrada y Madán. Meses despois inauguraríase o que sería o seu local social -na rúa Gravina, número 80- e que abriría paso a unha itinerancia pola cidade que duraría máis dun século. Máis este primeiro Ateneo tería unha vida moi breve; un ano despois da súa fundación pecharíase, deixando un paréntese baleiro de máis de vinte anos.

En xullo de 1903 dan comezo os primeiros contactos entre persoas interesadas na idea de poñer novamente en marcha un Ateneo en Ferrol, callando o proceso poucos meses despois. O 31 de xaneiro establecerase a Sociedade que, ó longo dos tres primeiros cursos, presidirá Andrés Avelino Comerma, Xeneral de Enxeñeiros da Armada. É importante destacar que no primeiro obxectivo establecido nesta nova época se faga un especial fincapé na procura da estabilidade e permanencia, quizais por temor a reproducir a curta traxectoria anterior. Certamente, o esforzo foi importante na súa consecución, pois esta segunda etapa duraría catorce anos máis, ata 1917. Guillermo Llorca (1984) recolle, nun estudio da historia do Ateneo, as palabras recollidas na na Memoria de 1906-1907 que deixa o Secretario, Luis Mesía: No solamente no hemos adelantado lo que nos proponíamos, sino que no debemos hacernos ilusiones para el porvenir y que es urgente cambiar el rumbo, pues si el Ateneo continua por los mismos derroteros que ha recorrido desde hace tres años, concluirá por extinguirse. ¿Dónde están todos esos jóvenes médicos, farmacéuticos, abogados y militares que habían terminado recientemente sus carreras, parecía natural que viniesen a este Centro a darnos a conocer el fruto de sus últimos trabajos, a poner de relieve su mayor o menor conformidad con las teorías que les enseñaban y, por último, a difundir sus aspiraciones?. Afirmacións que, con suficiente claridade, nos sitúan ante as expectativas e o fracaso daquela segunda etapa da historia do Ateneo.

A esta etapa seguiu outra, na Segunda república, que deu comezxo en 1931, cunha xuntanza na Secretaría no Patronato de Cantinas, sendo nomeado como Presidente da Comisión Organizadora, Emilio Balás. Un ano máis tarde, o Presidente, José Maristany expon o espiritu que da sentido á Sociedade, baseado na libre discusión, engadindo -segundo igualmente recolle Llorca Freire- que nas Universidades daquela época (...) falla sitio para que os inquedados polo seu espiritu de investigación queiran expoñe-las súas ideas e controverte-las coas doutros. Desexa que na tribuna do Centro que se poida discutir de todo, ata da existencia de Deus e que a ela suban os católicos, budistas ou ateos. Referíndose á política non ve inconveniente en que se discuta e incluso se ataque a laboura dos gobernos, sempre con obxectividade e sen que a Sociedade teña que se facer responsable da conducta dos seus oradores. A guerra civil poñerá fin a este terceiro período, dando comezo un longo tempo de inactividade ata a que será a máis longa etapa do Ateneo Ferrolán, e que chega ata os nosos días.

En 1976 xuntaronse un grupo de ferroláns coa idea de achar unha canle de participación na que tivesen cabida os diferentes eidos culturais e sociais da cidade, e para iso retomaron o xa antigo proxecto ateneísta de que levaba corenta anos no silencio. Tras dez anos de xuntanzas -nas que se mesturaron actividades de carácter literario, artístico e social-, e tralo apoio directo do Concello de Ferrol -sendo Alcalde Jaime Quintanilla-, en 1986 o Ateneo tivo o máis grande impulso coñecido ata entón, coa cesión dos locais pertencentes ó Legado Carvajal. Estes locais -logo dunha rehablitación realizada polo arquitecto Alfredo Alcalá- pemitiron o desenvolvemento de actividades que, ata enton, non fora posible levar a cabo debido á precariedade do espacio. E ben está recordar neste punto as diferentes Xuntas Directivas que, representadas polos seus presidentes, levaron ó Ateneo nesta última etapa ata o lugar de preeminencia que hoxe ocupa no eido cultural de Ferrol e a súa comarca. Uns presidentes que -aínda que, pola proximidade temporal, non posuen o estatuto de históricos, ben merecen que estas liñas recollan os eus nomes: Fernando Alvarez, Fernando Márquez, Natividad Lamas, Anxel Teixeiro, Jaime Quintanilla, Jesús Porta, Guillermo Llorca, Alvaro Espilla, Luis Calvo e Eliseo Zaera.

Na actualidade, as diferentes actividades que se teñen levado a cabo, as múltiples reunións que acolleron as súas salas, as súas publicacións



Logo do Ateneo de Ferrol (Ano 1879), recuperado e utilizado como emblema da revista Atenea.

anuais, a conservación permanente dun amplo número de obxectos patrimoniais ligados fortemente a Ferrol e á súa comarca... fan do Ateneo Ferrolán un contenedor vivo de historia e patrimonio. Unha historia na que participaron coa súa presencia poetas como Uxío Novoneyra ou José Angel Valente, filósofos como Savater ou Carlos Gurméndez, historiadores, filólogos, xeógrafos, sociólogos, políticos, representantes de organizacións de carácter solidario, artistas plásticos e un moi longo etcétera.

Por outra banda, non memos importante, a súa presencia na cidade ten acadado xa hai tempo o estatuto de recoñecemento e apoio dun moi amplo sector social.

Recoñecemento que ás veces tomou un camiño bipolar, no sentido de converterse o Ateneo, para uns: Nun lugar de encontro, mentres que para outro sector representaba (e, en certo sentido, case representa aínda) un lugar a rexeitar, por cantos significados, esencialmente de carácter ideolóxico, lle tiñan asignado. Mais recoñecemento á fin.

Non é, pois, casual, que a Sociedade se tivese mantido presente e forte ata a actualidade; un feito que ha ser entendido dende o seu profundo enraizamento na vida cotiá dun amplo sector da comunidad cidadá; un sector que non permitiu, manexando diferentes valores e estratexias, a súa desaparición ou o seu deterioro como entidade de carácter esencialmente cultural e, secundariamente, reivindicativa, no eido social. E neste punto é onde o Ateneo cobra o sentido como patrimonio: ó ser comprendido como un ben referencial que, inscrito na colectividade, acada unha somboloxía propia e un papel que se introduce nos eidos identitarios.

Mais o Ateneo Ferrolán, que no ten vocación de entidade illada e localista, cobra igualmente sentido no amplo marco do territorio galego, ó ser este o seu espacio natural de espallamento ó que vai e ven, ininterrompidamente, para toma-las súas referencias ou deixar nel as súas propias pegadas. Dito doutro modo, vai determinando, coherentemente, un espacio de círculos concéntricos que parten, con forza, de Ferrol e volven a este para recobra-la súa solidez primeira. Deste xeito, da súa presencia na sociedade galega toma as canles, e a forza do recoñecemento desta, como lugar plural e aberto ó encontro, no que as diferentes manifestacións sociais, literarias e artísticas propias de Galicia acadan un lugar fundamental.

Rosa Méndez Fonte

O Ateneo e máis eu

Imos deixando cachiños de nós mesmos polos lugares onde investimos algo de traballo, esperanzado interese e doses amplas de afectividade. Moito de mín xa quedou para sempre nese Ferrol do que teño saudade. Aí cheguei cando comezaba o ano setenta e tres, e moi axiña puiden comprobar que o estereotipo de cidade inhóspita que lle atribuían, non sei por que, non respondía ó realidade que eu estaba a experimentar.

Por distintos camiños fun entrando no seu entrabado social, aparentemente simple - militares, enxeñeiros e obreiros - pero, en realidade, cheo de infinitos matices que lle daban unha fasquía cosmopolita que moitos galegos nunca souberon ver. Deses camiños hai tres que debo resaltar especialmente: sentirme preto do pobo en Ferrol Vello, preto da mocidade nas miñas clases da Escola de Graduado Social, e preto, moi preto, de homes e mulleres ansioso de saber, tivesen ou non formación académica formal. Conferencias, charlas, táboas de debate, coloquios, parladoiros, de todo iso tiven abondosa experiencia en locais dos máis diferentes barrios e cos máis diferenciados participantes. Podo asegurar que estas inquedanzas non eran frecuentes en cidades máis grandes e mesmo de tradición universitaria. Sempre me chamou a atención ese remol de curiosidade intelectual e sentido crítico que deixou na alma de moitos ferroláns, con fonda raizame, o Movemento Obreiro que xa tivera producido anteriormente nesta cidade algunha institución ateneística que agora se trataba de recuperar.

Digo todo isto porque na quentura dese niño popular, onde nace e medra a curiosidade que despois se fai arte e ciencia, nese niño, digo, tiven a sorte de ver nacer, hai vintecinco anos, este Ateneo que axudei a crear. Foi precedido de moitas horas consumidas en demorados parladoiros entre amigos acobadados á mesa de calquera bar ou restaurante económico que nos acollía á saída dun acto cultural, do cine ou ó remate dunha manifestación. Daquilo tiña que saír, por forza, algunha organización permanente porque había un clima de diálogo que facía das diferencias unha fonte de comprensión e, a miúdo, de amizade. Para min é un pracer recordar que nunca me sentín incómodo entre a variada tipoloxía de mentalidades e actitudes críticas dos meus interlocutores nin tampouco tiven nunca a sensación de que fora para eles un encordio a miña condición de cura.

Foi xustamente esta condición a que me permitiu prestar un servicio moi importante naquel tempo en que Franco acababa de morrer e a democracia aínda era un soño de promesas. O despacho do que eu dispoñía na Domus Ecclesiae resultou ser un lugar propicio e tolerado para aquelas longuísimas xuntanzas en que, martirizados polas duras cadeiras de tesoira, faciamos encaixes de todo tipo con vistas a acomodar tódalas tendencias culturais e políticas interesadas no invento. Un dos primeiros consensos alí acadados foi, por certo, para a miña satisfacción, o de constituír ó galego como lingua oficial da institución que nacía co propósito de revitalizar a cultura popular. Debo recoñecer, agradecido, que o bispo Araúxo non só non puxo nunca obstáculos a aquelas xuntanzas senón que consentiu tamén en que o salón de actos da Domus fose o lugar das primeiras asembleas que eran certamente movidas e mesmo salpicadas, de cando en vez, por expresións que non eran do gusto dos que non toleraban os pequenos excesos producidos pola quentura dos debates. Nunca tiven dificultade en disculpalas diante del.

Esta tolerancia de monseñor e a súa colaboración á vida civil da época faime recuperar a memoria dunha das primeiras actividades organizadas pola nacente institución. Tiñamos a ocasión de traer a Ferrol unha incipiente orquestra sinfónica que Groba estaba a crear na Coruña sobre a base da Banda Municipal que, xunto coa Coral El Eco, creo, ofrecíase a interpretar os Cármina Burana. Se non me lembro mal, había dous problemas. O primeiro, de menos importancia, era que algúns dos entendidos temían que a tal orquestra non se desfixese dabondo da súa pelaxe de "banda" e convertese nun chin-chin-pum aquela fermosa música. O éxito do concerto, a dignidade da execución e a xente que se amoreou para escoitalo desmentirían tales medos para pracer de todos. O outro problema, máis dificultoso, era, coma case sem-



Primeira Asemblea de Soci@s e constitución de Xunta Directiva do Ateneo Ferrolán

pre, de financiamento pois desexabamos que o concerto fose gratuíto e manifestar deste xeito o noso propósito de facilitar ós ambientes populares o acceso á cultura. De feito non me lembro se, ó final, fora ou non gratis de todo, paréceme que si. O caso é que o Ateneo non tiña fondos para alugar un local axeitado - o Jofre, por exemplo - e ocorréuseme que, se cadra, poderiamos escoitar tal concerto na igrexa de San Xiao. Hoxe, afortunadamente, xa non resulta tan chocante, pero daquela non semellaba moi doado, e moito menos se se facilitaba ó público, como pretendiamos, a traducción dos pícaros textos estudiantís tan maxistralmente musicados por C. Orff. Falei, pois, co párroco e logrei convencelo, pero como a Igrexa é tamén concatedral, cumpría ter o consentimento do bispo. El, polo que puiden deducir, non coñecía a obra, alomenos no referente ás palabras, e eu, por lealdade, non debía ocultarlle o que tiña de procaz consonte os gustos da época. Para a miña sorpresa, non puxo dificultades, insinuando unicamente a posibilidade de que as frases máis escabrosas fosen traducidas menos literalmente e poder evitar deste xeito que os libertinos estudiantes medievais ofendesen a dignidade daquel lugar que acollía as súas palabras non sempre moi elegantes, por moi boa música que tivesen derriba. O asunto non foi difícil porque fixo unha magnífica traducción o actual académico Ferro Ruibal que, daquela, era profesor na cidade. Por certo, pola miña característica desorganización, eu non conservo o texto daquela traducción, pero, se alguén a tiver, paréceme que debería facilitarlle unha copia ó Ateneo para conservar nos seus arquivos. Paga a pena. O caso é que, como deixo dito, o concerto foi un éxito total e as portas das igrexas quedaron abertas para outras actuacións deste tipo. Non moito despois, a miña igrexiña do Socorro acolleu a integral das sonatas para violín e orquestra de Beethoven que algúns rapaciños de Ferrol Vello, ben alleos a tales ritmos, escoitaron devotamente canda min desde a tribuna alta. E daba xenio velos.

Debo recoñecer que o Ateneo encheu moitas horas agradables na miña vida e con el naceron unhas relacións e unhas amizades que, aínda hoxe, constitúen para min unha fonte de ledicia. Pertencín gustoso a varias xuntas directivas consecutivas e, pasado o tempo, tiven a honra de servir de mediador nun difícil momento da entidade, tan difícil que non se solucionou totalmente ata moitos anos despois pola iniciativa da actual xunta directiva e a boa vontade de que deron cumprida mostra os intervenientes no conflicto.

Cando me cadra pasar por diante do actual edificio do Ateneo Ferrolán, sinto no meu interior o mesmo que un veciño de Ferrol Vello, obreiro de Astano, que, cando vía pasar pola ría un daqueles superpetroleiros dos anos setenta, quedábase ollando, extasiado, para o enorme artefacto e comentábame a sensación que lle producía ter contribuído, por moi modestamente que fose, a que aquelas chapas ben encaixadas levasen o nome de Ferrol polos mares do mundo. Cada vez que recibo noticias do Ateneo e percibo a súa vitalidade, tamén eu sinto orgullo de ter feito algo pola cultura de Ferrol. Por moi pouco que fose.

Bernardo García Cendán

Ateneo Ferrolán

Lembranzas de Ferrol

Velaí o título que, solicitándome "unha pequena colaboración de dúas páxinas de revista (3 folios DIN A4) sobre o tema que vostede prefira ou que nós pensamos que podería ser sobre lembranzas de Ferrol", suxíreme Eliseo Zaera Ríos na carta que me escribe na súa calidade de Presidente do Ateneo Ferrolán. Naturalmente que, como adoita suceder nestes casos, o meu vello amigo une ó seu indudable afecto a urxencia do asunto: "Desexamos poder sacar a Revista a primeiros de marzo, conicidindo co 25 aniversario da nova etapa do Ateneo (...) (e), se é posible, envíe o artigo antes de finais deste mes de febreiro", puntualiza no Fax que, con urxencia, lexpiden ás 13.56 de FEB. 9. 01!

¿E qué lle queren se as cousas son como son e, como di a vella sentencia, "os amigos vense nas ocasións"? De modo que, sen dilación e buscando tempo onde apenas o atopo, aquí me teñen ensarillando os folios que o meu amigo precisa. Eso sí: fágolle caso e, tal como insinúa, boto man das miñas lembranzas de Ferrol e detéñome nalgunha delas para referírllela neste apresurado artigo. E, como tén que ver co propio Ateneo, xa verán como, se as presas non me confunden, consigo mesturar na miña colaboración estas tres cousas: a Institución que ma solicita; o relembro dunha pasaxe na miña mocedade e a fidalga figura de Otero Pedrayo.

Como se sabe o actual Ateneo, empeñado na animación das actividades culturais de Ferrol, asenta nun dos emblemáticos barrios da cidade, o do Centro, concretamente na casa nº 202 da rúa da Madalena, un vello edificio, actualmente restaurado, que fai esquina coa costaneira rúa de Méndez Núñez, a popular "rompete-el-alma"; tal é o que cansa cando se sube. Pois nese edificio, se mal non recordo, estaba o local de Acción Católica, a controvertida organización relixiosa seglar na que eu participei activamente na súa rama xuvenil ata que me vin para Santiago.

Eran tempos mozos nos que, logo das diarias clases de Bacharelato nas aulas que a Academia Rapariz ocupaba encima do popular Cinema, nun edificio da rúa de María, esquina a Rubalcava, algúns de nós aínda tiñamos tempo para implicarnos en tarefas da catequese parroquial e mesmo de colaborar co inesquecible Demetrio Casares nos seus desvelos para organizalas afamadas Procesións da Semana Santa Ferrolá.

E vexan coma o mozo do que falo e que daquela eu era, vaise reencontrar co edificio do Ateneo corenta e tantos anos despóis, media vida para o caso, cando o río do tempo fixo daquel rapaz un home que peinaba canas de sesentón. Ocupado na gobernación da Fundación Otero Pedrayo que coida no Pazo-Museo de Trasalba o legado que o Patriarca lle deixóu a Galicia, eu aceptara viaxar a Ferrol para falar no Ateneo sobre a figura humana de don Ramón.

Era o ano 1988, centenario do nacemento do Señor de Trasalba. E a Guillermo Llorca, que daquela presidía o Ateneo Ferrolán, ocorréraselle convidarme como conferenciante. E, como decote, alá me fun na compaña da miña esposa Fina que, como ferrolá de cepa que é, non perde ocasión de acercarse á casa. E nesta ocasión con máis razón, porque quen invitaba era Guillermo, o fillo dos nosos amigos Pepe e Amelia, ó que ela e máis eu vimos medrar dende neniño na rúa da Cárcel, daquela oficializada como Benito Vicetto, do entrañable Ferrol Vello da nosa veciñanza.

Non sei canto tardaría en recuperarse anímicamente o rigoroso historiador que é Guillermo Llorca do desacougo que o abraiou aquela tarde. Créanmo ou non, aínda é hoxe o día en que tampouco eu logro explicarme as causas daquela embarazosa situación: ter que falar, logo dunha prudente demora, coa sala baleira. Porque malia o indudable valor co que a ocasión revestía a presencia das seis persoas -nin unha máis- que sentaban na terceira fila do acolledor salón, o asunto proía. E non é de extrañar se se pensa que mesmo aquela media ducia de compracentes espectadores eran da "casa": Fina, a miña muller; Marité e Enrique, nosos cuñados; Susana, unha sobriña; e, de fraternal compango, Sotero Amador, compañeiro dos anos de Universidade, e máis do seu fillo.

Estaba claro que aquelo non valía como modelo para a publi-

Agustín Sixto Seco na conferencia "A personalidade de Otero Pedrayo (25 de maio do 88)

cidade dun acto cultural. Pero era, sen dúbida, unha ocasión propicia para poñer a proba a incrible forza da amistade cando ésta é, sen compoñendas, sincera. Porque mesmo sabendo da íntima tribulación de quen organiza un acto e apenas consigue achegar un raquítico feixe de oíntes, o que compría daquela era darlle a volta ó asunto e transformalo no que únicamente podía ser: unha breve e distendida conversa familiar coa que corresponder á atención do desolado anfitrión.

E eso foi o que fixen. E todo rematou, logo dun cordial parladoiro, percorrendo as instalacións do Ateneo naquel restaurado edificio ó que eu volvía despois de telo coñecido, vedraño, corenta anos antes.

Unha institución á que tamén hoxe volvo, mentalmente, da man amiga de Eliseo Zaera para colaborar no número extraordinario da Revista co que celebran as Vodas de Prata da nova etapa do Ateneo Ferrolán. E compráceme de xeito especial a feliz circunstancia de que tamén nós andamos na celebración doutra efeméride oteriana: o XXV aniversario do pasamento de Don Ramón.

Foi unha ocasión propicia para revivir esas curiosas pegadas de tempos idos e que, co meirande afecto, resumo nesta colaboración que, tal coma o meu amigo e Presidente me suxeríu, titulo "Lembranzas de Ferrol".

Agustín Sixto Seco

artigo

Ateneo Ferrolán, os últimos 25 anos

Dende a súa fundación no ano 1879 o Ateneo Artístico, Científico e Literario de Ferrol cumpriu varias etapas da súa vida baixo diversos condicionantes sociais e diferentes reximenes políticos. O mes de marzo esta sociedade celebra os vintecinco anos de existencia na súa cuarta e actual etapa xa como Ateneo Ferrolán que, en liña coa tradicción progresista das sociedades deste nome, tivo unha longa e azarosa historia no campo do fomento e difusión da cultura.

A recuperación das súas actividades o ano 1976, en pleno período de transición democrática, desembocou na afortunada consecución como se social do magnífico edificio dieciochesco de catro plantas, coñecido como Casa do Legado Carvajal, restaurado de forma respetuosa e apropiado para que o seu seno sirva de digno marco ós variados actos culturais da sociedade.

Durante eses vintecinco anos coñecidas persoas do mundo cultural e social da cidade ocuparon a súa presidencia, hoxe en día exercida por Eliseo Zaera, activo participante e colaborador nos actos culturais que teñen lugar en Ferrol e no seu entorno circundante. En canto ás súas propias actividades, e dentro dunha recoñecida política de portas abertas a todo aquel que o desexe, o Ateneo non conseguiu desprenderse dunha certa etiqueta de esquerdas dentro dunha cidade compartimentada e estratificada como a que todavía representa Ferrol.

Xa dende un punto de vista de obxectivación das súas actividades algúns consideran que quizais abranguense demasiados campos de actuación ou que hai unha excesiva dispersión e incluso dedicación a temas distantes, mentres que outros socios preferiríamos unha atención a temas máis cercanos á cidade como pode ser o anunciado, e agardamos que acertado, ciclo sobre o Patrimonio Cultural.

É de interese a súa biblioteca aberta ó público de case 6000 volúmenes que inclúe uns notables fondos antigos e locais, pero que representa a incomodidade de non estar informatizada. Oferta tamén unha completa hemeroteca con case cen cabeceiras de diferentes periódicos arquivados para a súa consulta en microfichas. Cunha exemplar e cumprida atención



Presidentes asistentes á cea do 20º aniversario do Ateneo, celebrada no Parador de Turismo: de esquerda a dereita Eliseo Zaera. Luis Calvo, Fernando Márquez, Anxel Teixeiro, Alvaro Espilla, Fernando Alvarez e Suso Porta. Faltaban Natalia Lamas, Xaime Quintanilla e Guillermo Llorca.

O Ateneo edita prácticamenmte tódolos anos uns suxestivos Cadernos monográficos arredor de variados temas que van dende un estudio sociolóxico da xuventude ferrolana a unha catalogación castrexa da comarca ata chegar ó último exemplar que estará adicado a Sofía Casanova. Nos últimos tempos publica tamén unha revista trimestral, Atenea, cun contido en constante progresión, unha representación mellorada e unha estética manifiestamente mellorable.

ás xeneracións futuras son de grande interese as súas actividades infantís en forma de cine teatro, música ou pintura incluíndo as correspondentes clases e exposicións. Neste contexto débese significa-la actuación municipal, que simplemente expomos para quen o queira xuzgar, no senso de pasar a xestionar directamente os Xoves Teatrais, un logro nacido dentro do propio Ateneo.

Juan J. Burgoa




Recuperamos nuestro pasado, para que todos disfruten del presente.

Ven y regalate unos momentos de relax.





Ares





Relembro con motivo da fundación do último Ateneo de Ferrol

Luis Seoane, que sempre se manifestaba cunha información envidiable, e sempre quedabamos por debaixo do seu saber, como eu viaxabo con frecuencia dende Argentina a Galiza, servíalle para levar ó seu exilio cousas que me pedía referidas a Galiza, que sí documentación, que sí fotografías, etc. Mais unha non lla poiden conseguir: tratábase dunha publicación de Joaquín de Arévalo "El hombre-Galicia", que según Seoane un espello ilustraba a portada. Non foi posible satisfacer o interes de Seoane, que tamén se fixo meu. Polos anos 60 nun das viaxes tiven ocasión de conocer o un sobriño de Arévalo que levaba o mesmo nome e apelido ca seu tío, mais non sabía ren do que pretendiamas. E ainda hoxe non logrei saber o que a Luis Seoane lle interesaba..

Curiosomente no magnífico libro de Llarca no que fai semblanza dunha manchea de ferroláns ilustres, non aparece a de Joaquín de Arévalo, eso que entre as cousas que fixo está a fundación das publicacións de "Ferrol Grotesco" e "El Merlo, e foi Director de "El Correo Gallego". Joaquin de Arévalo, nascera no 1882, era 6 anos máis vello ca meu pai, tamén ferrolán como el, e se deberon conocer cando eran mozos.

No 1918, sendo Director de "El Correo Gallego" fíxolle a meu pai unha caricatura e adicoulle un poema, que conservo que di: "Artista tan delicado/ Que roba su brillo al sol/ Es hoy mamarracheado/ Por mi pluma de soldado/ Que hizo de el un ollomol/ Recuerdo del mas cagado/ Villorrio full, "El Ferrol"."

Alá van 22 anos da morte de Luis Seoane, que tanto ten colabourado en cousas de Ferrol. Mais ainda que el desapareceu, o interes por conocer o que quería saber, sigue vivo en nós e se alguén ten posibilidade de acceder ao seu conocemento, moito o agradeceríamos.

Ainda que a miña familia por parte de meu pai viña de Ferrol, por parte da miña nai, ainda que non nasceran no Ferrol, nel vivían meus tíos e curmans. Un deles, Tomás Barros co que estiven moi vinculado, foi un personaxe moi importante, ao que hai que adicar unha historia. Mais tamén tiven amistade personal con ilustres ferroláns dos que teño recordos moi valiosos, que transcederon a vida de Ferrol: Sotomayor, Carbalho Calero, Dictino de Castillo-Elejabeitia, Imeldo Corral, Fernández Flórez, Carmelo González, Goy da Silva, Guerra da Cal, Montero Díaz, Pérez Parallé, entre outros.

Ainda que nono coñocín teño curiosidade por saber algo máis da vida de Rodrigo de Sanz López, qufoi un dos fundadores do Ateneo de 1903, e Presidente de honra do Ateneo da II República, do que formou parte, entre outros, Xaime Quintanilla. Trátase dun personaxe moi curioso, que xa no 1905 aparece como membro numerario da Real Academia Galega, estivo na fundación das Irmandades da Fala, no 17 preside o Partido Regionalista Gallego, no 19 o Centro Regionalista da Coruña; na Dictadura preside a Unión Patriótica de Ferrol, no 31 intervén nunha redacción dun proxecto de Estatuto de Galiza, que ao parecer faise en Madrid, Estatuto de Galiza que el entende como unha simple descentralización administrativa, sen reivindicacións da nosa cultura e da nosa fala. Isto pode cadrar con outras preocupacións especulativas do espiritu que o desorientaron sobre a integridade do home coa cultura á que se debe, que emana da terra, e que polos anos da República o levan a especulacións espiritistas, chegando no 1935 a fundar unha revista de ese carácter á que se chama "El Kardeciano", en recordo do francés Allan Kardec.

De este home, Rodrigo de Sanz, que nascera no 1872 e vai morrer no ano 1939, nada sabemos, polo menos eu, da súa vida dende o alzamento militar do 36 até a súa morte, período crítico do noso tempo, que interesa conocer para incorporar esta difícil experiencia histórica ás nosas vidas.

Sería ben rematar estas notas facendo votos porque este terceiro Ateneo ferrolán non volva a ser interrumpido, e sí perfeccionado, para ben do Ferrol.

Isaac Díaz Pardo



Mesa Redonda na inauguración dos locais da Rúa Madalena (do) coa participación de Isaac Díaz Pardo, Lueiro Rey, Anxel Teixeiro, Filgueira Valverde, Fernando Márquez, Carballo Calero e Ramón Piñeiro.

25 anos de cine co Ateneo

Poño por diante a miña ausencia nos primeiros anos de andadura do Ateneo e daquelas películas que constituían unha alternativa ó cine comercial, nese intento de proxectar un cine de calidade en Ferrol. Non poido, polo tanto, falar da miña experiencia de ver -en pantalla grande- filmes como Novecento, de Bertolucci, ciclos de Godard, Bergman, Eisestein ou o neorrealismo de Rosellini, De Sica..., nin de vibrar coa primicia da estrea. Antes de nada, hai que ter en conta o momento histórico que se vivía no comezo da democracia polo cal, aquelas películas viñan envoltas dunha expectación -por mor da censura á cal se vían sometidas- que motivaba debates e coloquios que duraban longas horas, despois do visionado do filme.

A vocalía de cine do Ateneo Ferrolán foi a herdeira do Cine Club "Concepción Arenal" pilotado por José Luis Sánchez que se integra no Ateneo como unha vocalía máis. Segundo consta no libro de actas da entidade, -acta do 19 de outubro de 1977-, entra nese ano a formar parte da Federación Galega de Cine Clubes-. A partir dese momento e cun público sempre fiel, comezou a súa andadura con persoas como Alfonso Varela, Armando Cossío ou José Torregrosa -con novas incorporacións ó longo do tempo-, organizando un programa que perseguía como digo, un cine alternativo cunha serie de películas que posuían o atractivo de ser presentadas polo propio director, críticos cinematográficos ou amantes do cine.

Poderían comentarse moitos deses ciclos que, durante 25 anos puideron verse no salón de actos do Instituto Masculino, Lestonac ou nas salas do Capitol, Cinema, Rena... sempre baixo o lema "Presentación de obras inéditas acompañadas da divulgación e discusión dos seus valores, elementos típicos das sesións cineclubistas". Sen ir moi lonxe, a partir de 1978, o cine Rena foi escenario da proxección de El huevo de la serpiente de Ingmar Bergman á cal seguíulle a obra de Godard, Alphaville Z, de Costa Gravas e Novecento, de Bertolucci. Aturo Lezcano, periodista de Ferrol Diario, foi o introductor no Instituto Masculino de Octubre, de Eisenstein ó cal seguiron películas como Sonata de Otoño, de Bergman e La Batalla de Argel, de Gillo Pontecorvo. A estrea de El expreso de medianoche, en outubro de 1979 no Cinema coa presentación de Eduardo Galán e Apocalipse Now, de Coppola ó que seguíu un interesantísimo debate, corroboran o cine de calidade que se perseguía. Moitas das veces, era o propio director o presentador da película; é o caso de Eloy de la Iglesia coa súa película El diputado, en 1978, Antonio Drove que en xuño de 1980 falou de La verdad sobre el caso Savolta no cine Capitol e Carlos Piñeiro coa súa Malapata, no Rena e no Lestonac.

Dos anos oitenta, pódense enumerar moitos ciclos dedicados ó cine español con obras de Jaime Chávarri (El desencanto, A un Dios desconocido), Bourau (Furtivos), Carlos Saura (La prima Angélica, Elisa, vida mía, Bodas de sangre), Gutierrez Aragón (Maravillas), Buñuel (La Vía Láctea), a homenaxe a Humprey Bogart con clásicos como Casablanca, Cayo Largo, El halcón maltés e El último refugio ou títulos tan dispares como El hombre elefante, El ángel azul, El señor de los anillos ou Pepi, Luci y Bom y otras chicas del montón.

Cando a entidade muda de ubicación e se traslada dá rúa do Sol ó edificio da rúa Madalena, en 1986, as proxeccións realízanse no salón de actos recén estrenado. A compra dun proxector de 16 mm permite organiza-los ciclos no propio local cultural. Mantendo esa tónica de calidade que caracterizaba ós cine clubes, entre maio e xuño de 1987 se proxectan clásicos como Scarface, de H. Hawks, Los pájaros, de Hitchcock e La reina Kelly, de Von Stroheim ó que sigue un ciclo de Alain Tanner. No último trimestre do 87, o ciclo "Do amor, da vida e da morte", promovido polas vocalías de xuventude, muller, ciencias e humanidades, permite escoitar a médicos da sona de Carlos Castilla del Pino introductor da película, Corredor sin retrono (Samuel Fuller, 1966), arredor do tema da loucura. Ó mesmo tempo, Carlos Gurméndez pronuncia


Ateneo Ferrolán

unha conferencia titulada "El amor, su génesis y dialéctica" para presenta-lo filme Paseo por el amor y la muerte, de John Huston Y Francisco Estévez, falou de "O desexo e a fantasía do neno" co visionado do sempre suxerente filmeEl espiritu de la colmena (1973).

Resultaría un tanto canso reseñar tódalas películas promovidas polo Ateneo Ferrolán ó longo destes 25 anos: ciclos de cine mudo con pianista, -El maquinista de la General, de Buster Keaton-, a muller no cine, Florian Rey ou o cheo absoluto que se deu no salón de actos con Federico Luppi, hai poucos meses, para falar da película Divertimento que se filmou en Ferrol o pasado ano... Ó mesmo tempo queremos salienta-la programación dos sábados pola mañán, nese oco destinado ó cine infantil.

Quizais, o máis notable, independentemente da calidade do cine proxectado, era esa fidelidade do público que abarrotaba as salas e seguía aqueles debates que, moitas das veces, duraban ata altas horas da madrugada. Aqueles primeiros tempos viñan promovidos por un momento histórico unido á necesidade de comentar, discutir ideas, a historia que se narraba e o xeito de contalo en imaxes. Mais que a película en si mesma, a calor e a paixón do público teñían de cor e daban sentido ó espirito do cine pola fascinación da imaxe.

Aurora Vázquez Aneiros



O Ateneo: Un axente de dinamización sociocultural

I. Introducción conceptual

Nesta análise partirase da recreación duns conceptos que consideramos preciso clarexar para poder achegarnos dun xeito integral ó obxecto do noso estudio. Intentaremos levar a cabo un labor de disección para, posteriormente, conxuga-las partes nun todo globalizador que nos ofreza as claves interpretativas que sempre debe perseguir un traballo científico.

O termo "ateneo" lévanos ó templo de Atenea, onde os poetas e os oradores lían as súas obras. Este mesmo vocablo amósanos outras acepcións, tales como entidade cultural onde se reúnen científicas e homes de letras, ou local de dita entidade.

Profundicemos agora no concepto de asociación voluntaria, que se presentaría como a unión voluntaria de persoas ou grupos arredor duns obxectivos comúns. Podemos, tamén, entender a asociación como un medio para conseguir determinados fins.


E acheguémonos, por último, á noción de actividade sociocultural que nos sinalaría o conxunto de fenómenos expresivos que se enraizan na base da comunidade e onde a participación é indispensable para o seu desenvolvemento. Así, englobaríamos os resultados da expresión voluntaria de grupos ó través de linguaxes tan diversas como a arte, o folklore, a artesanía, os movementos cívicos, os medios de comunicación, a música, o deporte no seu ámbito comunitario, as festas, ou a educación no tempo libre.

II. Autoorganización da sociedade civil e dinámica sociocultural.

O Ateneo Ferrolán é unha asociación voluntaria, que podemos analizar, como nos sinala Funes Rivas, dende a teoría da acción colectiva ou dende os plantexamentos normativos da teoría da democracia. O Ateneo confórmano un grupo de persoas que comparten e defenden obxectivos comúns, ten vontade de permanencia e posúe unha organización; a figura do voluntario é un elemento esencial; e os seus obxectivos non son nunca a obtención de beneficios económicos para os seus membros (diferenciándose así das asociacións de carácter mercantil), senón os de levar a cabo toda unha serie de actividades socioculturais.

A participación nunha asociación voluntaria como o Ateneo ferrolán implica a transformación de fins personais e particulares, propios da privacidade, en fins compartidos cos demáis e expresados dun xeito colectivo. Supón, pois, o paso da esfera privada á pública. Os obxectivos particulares mútanse en obxectivos comúns. Situamos ó Ateneo como unha manifestación da iniciativa de autoorganización da sociedade civil, e que debe estar presidida polas ideas de diversidade, pluralismo e tolerancia. Soamente, deste xeito, se logra un incremento -cuantitativo e cualitativo- da participación e un mergullamento nos principios democráticos. A democracia non debe de consistir unicamente en votar cada certo tempo en eleccións libres, senón nunha obriga moral de análise da sociedade e de manifestacións de opinión sobre os problemas e conflictos que se xeran.

As aludidas ideas de diversidade, pluralismo e tolerancia podémolas observar na súa plasmación no Ateneo Ferrolán, mediante unha disección das súa sucesivas xuntas directivas e das distintas programacións anuais. A composición e procedencia dos seus dirixentes responde á iniciativa da propia estructura social ferrolá. E así podemos observar representantes que nas súas ocupacións pertencen a unha variedade que vai dende a enxeñería e construcción naval ata o sistema educativo, pasando pola medicina, a música, a avogacía ou o comercio. Unha análise das súas programacións amosa a lectura de poemas, presentacións de libros, representacións teatrais, recitais, musicais, certames de artesanía, exposicións artísticas e un longo etcétera. É de destacar a presencia continuada de conferencias, mesas redondas e debates, que acollendo unha gran diversidade de puntos de vista e de plantexamentos ideolóxicos, poñen de manifesto a idea do necesario pluralismo. Acontecementos políticos e manifestacións culturais locais, nacionais e internacionais foron tratados e analizados dende as tribunas do Ateneo Ferrolán, sabendo mixturar nas súas debidas doses o máis próxi-



Xosé Leira nun acto de Poesía

mo co máis universal, logrando un conxunto froitífero e enriquecedor.

Debemos sinalar que nas programacións anuais percibimos unha concepción do patrimonio e da cultura que ven dada pola conxunción entre o acumulable do seu pasado ("heritage"), que se materializa no conxunto histórico-artístico, a literatura, as estructuras sociais e todo o que se pode presentar nun determinado territorio) e a acción -no presente- nese mesmo espacio, e a conxunción entre o patrimonio legado e o patrimonio emerxente. E isto remítenos a unha rica complexidade de actividades culturais que se inscriben nun diálogo libre e democrático dos axentes sociais e os cidadáns.

III. Consideracións finais.

Naceu o actual Ateneo Ferrolán na época da transición democrática, a partires do acordo de distintos grupos (partidos políticos, sindicatos e entidades diversas) e particulares. Na súa dinámica social, ó longo destes vintecinco anos, xerou un amplo debate sociocultural. Traballou para a creación de estructuras culturais, nas que estiveron presente proxectos que abarcaron as artes plásticas, a música, o teatro, a cinematografía, os libros, o cómic, os medios de comunicación, o deporte, as tradicións populares, a lingua, a ciencia e a tecnoloxía, a arquitectura e o urbanismo e os conflictos.

Actualmente o Ateneo Ferrolán é un moderno tempo de Atenea que aúna a memoria colectiva e a innovación, onde se presenta a realización e plasmación do posible e o plantexamento do utópico, fomentando a participación para que os cidadáns pasen de ser espectadores pasivos para convertirse en membros culturalmente activos da comunidade. É un lugar para a vertebración de proxectos. É un punto de encontro dos actores sociais e de compromisos solidarios.


Xosé Leira López

25 Anos de teatro galego

Compre alongar unha miga o último cuarto de século para situarnos en 1973, ano en que comeza a súa andaina a Mostra de Teatro "Abrente" de Ribadavia, concurso de obras incluído, xénese do teatro galego actual. Ese é polo memos o referente que sinalan tódolos seus principais estudiosos e historiadores (Vieites, Laura Tato, Paz Gago, Vilavedra...). Damián Villalaín, por exemplo, escribe que eses encontros "son foro de comunicación e intercambio que estimula a escritura teatral, fomenta a creación de espectáculos e a formación de compañías e propicia un debate no que distintas miradas sobre a práctica escénica aparecen vencellados inseparablemente ó confrontamento de posicións políticas e ideolóxicas rivais no campo da esquerda." Quizais compriría engadir que o uso do idioma autóctono se reafirmou e deixou de cuestionarse, cando menos de maneira pública e aberta. O teatro en Galicia, consecuentemente, mudou de xeito notable e emprendeu unha traxectoria, non sempre en liña recta, da cara a unha normalización. Ó medrar os grupos, multiplicáronse as funcións e aumentou a asistencia de público, logros que acharon o camiño á profesionalización, xa abordada por compañías itinerantes, xa por medio de salas estables, xa de forma mixta. Pero antes de deternos nesas etapas algo máis polo miudo (aínda que non moito nesta limitada visión retrospectiva), debemos considerar algúns antecedentes próximos, sen os cales non se entendería con claridade o movemento que arrincou das mostras promovidas pola agrupación cultural Abrente.

Se ben illado e esporádico, debemo ter en conta o labor pioneiro desenvolvido nos anos cincuenta e sesenta polos directores Rodolfo López Veiga, Antonio Naveira, Antonio Concheiro Caamaño ou Maximino F. Queizán. Mesmo se lles podería engadir o nome do profesor, autor e crítico Ricardo Carvalho Calero pola singular actividade escénica que levou a cabo no colexio Fingoy de Lugo. Outro incansábel promotor do feito teatral (aínda que en castelán ata a década dos setenta) foi o director e dramaturgo Agustín Magán, que salienta non só pola súa notable aportación senón tamén polo seu maxisterio e contaxioso exemplo dende o seu grupo compostelán DITEA.

O asociacionismo galeguista da época contribuiu coa formación dun grupo na cidade da Coruña, "O Facho" (animado ó principio por Francisco Pillado e Manuel Lourenzo) e máis coa creación dun premio de textos teatrais por parte da agrupación compostelán "O galo". Neste premio, de mediados dos anos sesenta, que procurou a particicipación e concienciación popular por medio dunha "campaña do peso pro teatro galego", déronse a coñecer obras de Xenaro Mariñas, Xohana Torres e Ánxel de la Peña (Cando morren os faroles, aínda inédita). Outros textos publicados por aquel entón, debidos a, entre outros, Manuel María, Xosé Luis Franco Grande, Bernardino Graña, Alvaro Cunqueiro e Arcadio López Casanova, xunto con algunhas traducións, completan o texto dramatúrxico da época. Os aconteceres previos ó movemento propiciado en Ribadavia, serían serían incompletos de non termos en conta o teatro recibido do exterior, do que, sen dúbida, destacan as montaxes de Adolfo Marsillach e José Luis Alonso, xunto coa dalgunha compañía portuguesa. Se hai que buscar un modelo, procede recordar a equipos independentes foráneos (Los Goliardos, Els Joglars...), dos que xurdiu Teatro Circo, grupo coruñés que daquela levaba a dianteira na nosa actividade teatal. Non se debe esquecer, asi mesmo, a valiosa información recibida a través de revistas, especializadas ou non, como Primer Acto, Yorick, Triunfo, Destino..., nin o maxisterio indirecto que dende elas exercían os seus promotores e críticos (José Monleón, Xavier Fábregas, Ricardo Domenech, Moisés P. Coterillo...). José Estruch ou Eduardo Blanco Amor, éste sempre con admirable entusiasmo, protagonizaron un maxisterio activo e directo.



O clima, pois, favorecía un pulo cara adiante do noso teatro, polo que as mostras de Ribadavia xurdiron nun momento do máis oportuno. Ó seu carón, ou dos concursos de textos que as complementaban, apareceron unha serie de autores dramáticos, á que me honro pertencer. Entre os máis significativos, atópanse Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño, Xosé Agrelo Hermo, Millán Picouto, Camilo Valdehorras, Manuel Guede, Ánxeles Penas, Francisco Taxes, Vicente Montoto, Vázquez Pintor, Dorotea Bárcena, etc. O labor dos dous primeiros (Lourenzo e Vidal Bolaño) foi, ademáis, decisivo nos máis diversos campos da práctica escénica no período que estamos a comentar. Se a Manuel Lourenzo se deben imnumerábeis e variadas iniciativas, cómprelle a Roberto Vidal o comezo da profesionalización co grupo Antroido, o cál sucedeu o Teatro do Aquí. De contado se sumaron outras moitas compañías, que daban o chouto dende o teatro Independente ou afeccionado, e que chegaron en tempos recentes a aproximarse ó medio cento. Ó poñerse en marcha o proceso autonómico, as compañías profesionais forzaron a concesión de axudas oficiais, que máis tarde se institucionalizaron, a partir da creación do Centro Dramático Galego ou, sobre todo, coa formación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Tamén a Mostra de Ribadavia foi precursora de outras varias (como as celebradas en Cangas, Cee, Narón, Carballiño... ou na propia Ribadavia, anque esta xa de carácter internacional e con diferentes obxectivos da anterior), que tiveron lugar no decurso dos últimos anos, con diferente acollida. Entre os concursos teatrais salientan, xunto co (renacido) "Alvaro Cunqueiro", o "Rafael Dieste e o Eixo Atlántico. Desapareceron lamentablemente o Xeración Nós, o de Xove e o do Facho (todos tres infantís). Houbo, ademáis outros de tipo máis esporádico, como o do Ateneo Ferrolán, xurdido ó pouco de crearse a sociedade que agora estamos a darlle o relevo conmemorativo.

As subvencións sempre resultan controvertidas e aquín non ían ser unha excepción. Se por unha banda crean unha dependencia e prexudican ós marxinados sectores do teatro independente ou afeccionado, por outro propician o afortalamento artístico e patrimonial de varios grupos, non moitos, e a creación de espectáculos de calidade, non sempre en proporción directa ás contías recibidas. O debate sitúase entre estes eixes, nos que tamén se pode integrar unha posibel "domesticación" ou unha falsa sensación de normalización.

Tamén o Centro Dramático Galego é posto en continuo cuestionamento e non deixa de ser branco principal de toda controversia que xorde. Sen dúbida, o seu alto custe de mantemento como simple oficina de producción non

acaba de xustificarse coa calidade nin co rendemento socio-artístico-cultural dos seus case sempre fastuosos espectáculos. Non obstante, sería inxusto non recoñecer a producción de excelentes montaxes, debidas a Mario Gas, Xulio Lago, Pere Planella, Xoán Cejudo... e pouco máis. Nestes momentos o CDG conta con edificio teatral propio ("Salón Teatro", Santiago), cunha programación aínda non estabilizada. Ó IGAEM débense a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Feira do Teatro Galego, así como apoios e iniciativas varias, entres as que convén citar un centro de arquivo e documentación.

Paralelamente , foi renovándose a dramaturxia ou aparecendo unha nova, que, na opinión de Anxo Abuín (Insula), se caracteriza por unha amplitude de estéticas dominante e máis pola súa heteroxeneidade. "Hai, sen embargo -prosegue Abuín-, algúns riscos e interxeneracionais que configuran un concepto de escritura dramática contemporánea. Deses riscos que sinala (case unha ducia), destacamos, de maneira sintética, os seguintes: relativismo filosófico, preferencia por un estilo realista, disolución do diálogo no monólogo, uso xeralizado do humor, presencia do ritual e a metateatralidade, tratamento rupturista do espacio e do tempo, influencia dos medios audiovisuais, intencionalidade crítica de signo diverso, etc. Gustavo Pernas, Quico Cadaval, Candido Pazó, Salgueiro, Inma Souto, Pisón, Fernán-Vello, Luisa Villalta, Guisam, Murado, Raul Dams, Sande, Lams, etc, atópanse entre os máis prestixiados.

Ás primeiras, e desaparecidas, salas estables (Luis Seoane, Caritel), suceden outras (Nasa, Galán) con mellor fortuna; xogan un papel relevante na paulatina e dinámica renovación da nosa escena. Tampouco resultan alleos a iso os sectores universitarios, escolares, independentes ou afeccionados; acadaron todos eles, malia o desleixo a que foron condenados, un notable auxe nos últimos tempos. Unha escola dramática de carácter municipal e máis un festival en Vigo, certames universitarios, ou a recente formación da Federación Galega de Teatro Afeccionado contribúen a establecer uns alicerces máis sólidos.

Compre así mesmo resaltar o papel desempeñado polas publicacións (libros e revistas) no movemento teatral galego do último cuarto de século. Entre os primeiros, é obrigado lembrar a colección editorial de Pico Sacro, que mantivo unha breve pero intensa actividade precursora nos anos setenta, á que seguiu a "Biblioteca do Arlequín" de Sotelo Branco. Hoxe en día salientan os libros do CDG (Xerais), os de Tris-Tram e máis os da Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado. Entre as publicacións periódicas desempeñaron un decisivo papel os Cadernos da Escola dramática Galega. Tomaron o seu relevo a Revista Galega de Teatro, xa trimestral e a cada paso máis completa, e a recente CasaHamlet, dependente da coruñesa ecola teatral do mesmo nome. Ensaio serve de necesario vencello con Portugal. Chema Paz Gago, dende as páxinas de Primer Acto, proxecta a nosa actividade escénica cara ó mundo hispanoamericano; Manuel F. Vieites, á súa vez, proporciónalle eco en ADE. Por outra banda, a crítica en periódicos, a cada paso máis frecuente, resulta indispensábel como aguilloante elemento orientador. Véñense ocupando dela, entre outros: Antón R. López, Gustavo Luca de Tena, Camilo Franco, Iolanda Ogando ou Inma López Silva.

Para rematar esta sucinta e panorámica achega, fago miñas as palabras de Anxo Abuín na revista Ínsula para expresar uns degoros de próspera reevitalización anovadora do noso teatro para os vindeiros 25 anos: "Confiemos (...) na vontade de actores, directores e autores, porque neles está a verdadeira posibilidade de normalización e estabilixación dun teatro galego actual e moderno".

Euloxio Ruibal



Ateneo Ferrolán

Un cuarto de século de loita das mulleres galegas

Os 25 anos transcorridos dende que don Juan Carlos asumeu a Xefatura do Estado configuraron unha etapa indisolublemente ligada ó nacemento e á consolidación e profundización da democracia en España, do máis longo, fructífero e arrequecedor período da nosa historia, algo encarnado na Consitución de 1978. Pero se hai un sector da sociedade que viviu con especial intensidade ese cuarto de século fomos as mulleres. Para entender ese proceso en toda a súa envergadura e profundidade non hai máis que ter en conta que en 1975, declarado Ano Internacional da Muller pola Organización das Nacións Unidas, na Conferencia Internacional celebrada con ese motivo, España estivo representada por Pilar Primo de Rivero, o paradigma, naquel tempo do lema, afianzado ó longo do franquismo, "la mujer, la pata quebrada y en casa". Con dicir que unhas fechas antes, o 2 de maio, modificóuse o Código Civil en España, eliminando a Licencia Marital e que ata ese intre e en función desa figura as mulleres para traballar, sacalo pasaporte, adquirir un ben, etc, necesitaban permiso do seu home ou titor, xa esta todo falado. As mulleres iniciábamos, en España, ese decisivo cuarto de século (o último cuarto do século XX) con esa lamentable carencia de dereitos e con ese tímido paso cara a igualdade xurídica. Non foi, por iso casual, que 1975 fora un ano de grandes movilizacións polas libertades, pero tamén polos dereitos das mulleres, e que ó longo e ancho do país cobrara un enorme auxe do movemento feminista.

Esas movilizacións comezarían a dalos seus froitos non moito máis tarde: en outubro de 1978 se despenalizaron os anticonceptivos, o que supuxo un xigantesco avance na libertade das mulleres e na afirmación do seu dereito a disfrutar da súa sexualidade. Tamén, ese ano igualanse os dereitos entre homes e mulleres diante do matrimonio e se despenalizan o adulterio e mailo amancebamento.

Ese ano pasará á historia por selo ano no cal se aprobou a Constitución Española. Non obstante, en poucos foros reseñouse algo que non deixou de tela súa significación. Na elaboración da nosa Carta Magna non participóu ningunha muller. Todos foron "padres de la Constitución", non houbo ningunha "madre". A súa consecuencia foi que algunhas reivindicacións das mulleres como o dereito á interrupción voluntaria do embarazo, non quedaron reconecidas no texto constitucional. É máis, no artigo 15, quizáis como concesión, enton, ós sectores menos avantados da sociedade, se recoñece o dereito á vida, algo que serviría de excusa para desenvolver campañas de toda índole contra un dereito que, dende había tempo, formaba parte da lexislación dos países máis adiantados de Europa. A esixencia do recoñecemento do dereito á interrupción voluntaria do embarazo levou a grandes movilizacións da esquerda e do movemento feminista. Nas mesmas non só se reclamaba o seu recoñecemento senon que se rexeitaban as iniciativas governativas e xudiciais encamiñadas a procesar ó persoal sanitario e ás mulleres que abortaran, así como ó peche de clínicas. Pasarían sete anos ata que, en 1985, aprobouse a Lei.

Antes, en 1981, aprobouse a Lei de Separación e Divorcio, co cal igualáronse os dereitos dos fillos. É dicir, a partir daquela xa non había fillos lexítimos e ilexítimos, a patria potestade era compartida e a administración dos bens gananciais exercíase por igual por ambos cónxuxes.

Doutra banda, o que se chamaba "delito contra la honestidad", no cal, como unha herdanza da época anterior, respectábase a honra dos homes, pasou, en 1989, po mor da modificación do Código Penal, en delito contra a libertade sexual, un paso de primeiro orde para que pouco despois, nese mesmo ano, cam-



Cristina Almeida nunha das súas participacións no Ateneo

biara a consideración dos malos tratos domésticos como cuestión privada para pasar a considerarse como un problema de carácter social e, como consecuencia diso, como delito.

Moito avanzamos as mulleres ó longo deste cuarto de século. A lexislación transformouse en profundidade e os aspectos da realidade da muller ós que aludía ó principio (sobre todo a Licencia Marital) parecen increíbles e irreales vistos dende a perspectiva deste comezo de século XXI. É máis, ás mozas de hoxe, aquelas que acceden á maioría de idade neste 2001, lles parecerán z restos dunha arqueoloxía remota. Dende a infancia edúcanse na igualdade. Pero se trata dunha igualdade xurídica, non dunha igualdade real. Todavía mantemos moi serias carencias na nosa realidade política, social, económica e cultural. As mulleres seguen a cobrar menos cos homes polo mesmo traballo, teñen infinitamente máis dificultades para acceder ós postos de responsabilidade nas empresas e, a pesar da recente Lei de conciliación da vida familiar e laboral, non se comparten as responsabilidades familiares. É certo que hai máis mulleres en altos cargos da Administración, e no mundo da política. Pero se debe máis a iniciativas adoptadas polos partidos progresistas (como a democracia paritaria) que a un impulso político e lexislativo sólido e sostido por parte dos poderes executivo e lexislativo. Todo iso quere dicir que, a pesar dos avances, a pesar da igualdade xurídica, non se conseguiu no plano da igualdade. Que seguirá sendo necesaria a movilización das mulleres, a súa actitude crítica e non conformista, a súa presencia activa na construcción dun mundo distinto, máis xusto, equilibrado e solidario.

Cristina Almeida

Igrexa: Galega ou Toledana

En setembro de 1976 eu marchaba de Santa Mariña do Vilar para estacionar provisionalmente en Vilalba, esperando un autoexilio en Madrid venturosamente non levado a cabo. Logo de chegar a Vilalba, os amigos ferroláns falábanme do nacemento do Ateneo, que para maior ledicia, foi acadando a súa sede cultural no mesmo lugar onde eu tiña que facerme presente perante xuíz. Agora o Ateneo pregúntame que sucedeu nos vintecinco anos que leva el de vida, indicándome que fale da Igrexa.

Mentres eu vivín en Ferrolterra, 17 anos de párroco de Santa Mariña do Vilar, paréceme, visto a distancia, que a institución eclesiástica pasou por tres fases que, sinteticamente, serían estas:

A primeira, postconciliar, foi de renovación pastoral, acadando sona no resto de Galicia e na mesma enteira Península, obra principal dunha media ducia de cregos que estaban noutra dimensión distinta á clerical, actitude que captou bastante ben o mundo obreiro e moi ben o mundo castrense, daquela dominante. Hai que lembrar con gratitude a comprensión e axuda do bispo don Jacinto Argaya Goicoechea, como vasco navarro soubo comprender. Tamén temer.

A segunda fase fíxose coñecida e prestixiada pola politización dalgúns cregos que souberon estar presentes nos conflictos laborais e, ó meu entender, deron un paso pastoral máis decisivo, tendo en conta que xa había un Movemento chamado de Coloquios Europeos, de ámbito galego total, que os novos dirixentes inclinaron ó sector da loita político-eclesial a partir dunha mentalidade secular.

A terceira fase céntrase de novo en Ferrol, e camiña da man, de novo, dun grupo de cregos, algúns implicados no compromiso institucional e, polo mesmo, limitados nas súas iniciativas ou no seguimento doutras. Máis dun preferiu o camiño oficial.

Tres iniciativas tomadas durante eses anos de Ateneo prenatal ou xa en primeira infancia, pagan a pena de ser rememoradas.

En primeiro lugar, a revista Encrucillada, que viña sendo proposta dende 1966 polos membros de Coloquios Europeos. Nace o 19 de febreiro de 1977 subtitulándose "Revista galega de pensamento cristián", dirixida polo prestixioso teólogo Andés Torres Queiruga, executada pola profesora de Galego Engracia Vidal Estévez. Son cinco números ó ano tratando os temas de Galicia. Desde o seu ano décimo celebra unha Asemblea que agora denominan "Foro de Relixión e Cultura en Galicia. A revista anda polo nº 120 e polo ano XXIV.

Independentemente, víñase compoñendo a Carpeta Boa Nova, con material catequético, homilético e litúrxico en galego, dende outubro de 1974 viña evolucionando. En xuño de 1978 organiza unha xuntanza de reflexión en Bastiagueiro á que se lle deu o nome de "Cruceiro", de onde saíu unha dobre aventura.

Por unha parte organízase a Romaxe de Crentes Galegos, que se celebra por vez primeira na Serra de Meira, onde nace o Pai Miño, na aldea chamada Irimia. Unha romaría moi popular que se botou a andar baixo o lema de "Eu renazo galego·, e que vai celebrar en Allariz o seu número 24, cunha asistencia media de entre 5 a 7 mil romeiros. A Romaxe adoita se-lo segundo sábado de setembro.

A outra novidade é o nacemento, en setembro de 1981, da revista, en principio semanario e actualmente quincenal, titulado "Irimia", que comezou dirixindo Victorino Pérez Prieto. Hoxe vai polo número 596, ano XX.

A necesidade de ir artellando o movemento, creouse unha Asociación con estatuto civil denominda "Asociación Irimia", que segue impulsando este amplo movemento que cada ano medra un pouco máis.

Por fin, e con principal motivo de realizar unha enquisa sobre a demanda de galego na liturxia e na vida en xeral, creouse o "Bienio Irmandiño", que editou un libriño -"A Palabra fai camiño"-, que publica os resultados da enquisa, moi favorable á causa galega.

A empresa irmandiña xustificábase así: "Se ata o século XIV e XV, data esta dos Irmandiños, a Igrexa de Galicia é galega, a partir de aí, en cambio, faise

toledana. Os Reis Católicos forzaron a súa castelanización para termar das ambicións da nobreza laica galega. Os abades dos mosteiros veñen de Castela e os estudiantes de monxes e frades van formarse a Valladolid, nova capital, levando para aló os nosos cartiños."

E coma dato sintomático, apuntamos este: "Durante 330 anos (1.500 a 1.830) houbo en Galicia 152 bispos de fóra e soamente 15 galegos. Nunha repartición artificial, correspondería a menos de 3 bispos cada cen anos en cada unha das 5 dioceses galegas.

Moi agradecido polo sitio que lle facedes á nosa causa e de aprecio á miña persoa.

Noraboa ó Ateneo. e que sigades cumprindo, anos e compromisos, pola galeguidade como o vides facendo.

Xosé Chao Rego



artigo

A Ría de Ferrol: Recursos-contaminación

Introducción.
Nesta breve reflexión persoal sobre da situación na que se atopa a Ría de Ferrol, gustaríame que se recordase a introducción dunha conferencia que tivo lugar no Salón de actos de Caixa Galicia o 26 de abril de 1985, hai xa 16 anos.

Dicía " hoxe como noutras datas históricas e case periódicas , Ferrol atópase inmerso nunha profunda crise económica, á que nos abocou un deseño (erróneo ou non, a historia será xuíz) que pode resumirse en que a construcción naval, principal recurso da comarca, deixa de selo, e isto provoca unha reestructuración, da que non se pode prever como vai quedar afectado o medio natural"...... "A busca doutros recursos, e o óptimo aproveitamento dos que hai en explotación, teñen que ir converxendo cunha concienciación colectiva da necesidade de coida-lo medio natural, que é a principal fonte de recursos. Tanto os cidadáns coma os estamentos públicos e privados teñen que ter presente que "QUEN CONTAMINA, DESTRÚE RECURSOS". Por iso debemos tomar a historia da nosa ría como punto de reflexión para non caer en novos erros dos que nos sexa máis difícil saír.

É difícil atopar unha posición de equilibrio entre conservación do medio, como xerador de recursos naturais e de ocio, con unha tendencia desarrollista na que "todo vale para xerar postos de traballo". E tanto máis difícil nunha zona económica e industrialmente deprimida.

Visión retrospectiva.
Vexamos uns breves exemplos nos que se rompe ese equilibrio que esixe un desenvolvemento sostible:

Anos 40: as motoras de Barallobre e Doniños pescaban langosta con "nasa" (de xuño a setembro), ían logo ó xurelo co "mediomundo" e despois empezaban coa campaña do ollomol. A praia de Maniños era un criadeiro de ameixa, berberecho,ostra, navalla. No mesmo peirao largábase o boliche e collíase pancho, xurelo, xardas, etc. En Perlío (onde hoxe está ASTANO) había a "Casa da Ostreira", na que o seu dono, Gancedo, recollía o marisco, sobre todo ostra e ameixa, para exportar ó resto de España. Contan que se podía recoller en decembro unhas 6 toneladas de marisco, baixando no resto do ano, por ter menos saída. A vieira, a ostra, a zamburiña non tiñan problemas de toxicidade. A Barca, Santa Lucía, Punta Promontorio tiñan unha ribeira e unhas augas limpas e froito diso productoras de choco, faneca, xiba etc.

Esta ría era así de productiva e ben conservada antes dos procesos salvaxes de industrialización indiscriminada.

No 1941 fúndase ASTANO e vai experimentando sucesivas expansións ata que nos anos 60-70 pasa a ser un dos principais estaleiros do mundo. A empresa convertese nunha tremenda fonte de cartos e polo contrario olvídase a comarca das agresións salvaxes á ría, como ecosistema productivo. Diminúe o marisqueo tanto por contaminación dos bancos coma por desaparición dos mesmos debaixo do estaleiro de Perlío. Esta opción de "desarrollismo" a ultranza pasou o seu auxe, e entra en crise de reconversión, tamén salvaxe, e nos anos 80 aparece a comarca de Ferrol nunha profunda depresión económico-social. Independentemente, esta situación de declive e de paro é un bo caldo de cultivo para que se implanten industrias que aporten algúns postos de traballo, de que sigan contaminando o medio, depauperando os recursos e comprometendo o futuro da Ría. Así exemplos coma o do CISNE que destruíu non so o Río Xubia senón outras industrias piscícolas da zona, e que acabou pechando, sen ter creado postos de traballo estables.

Problemática actual
Esta situación estase prolongando ata hoxe; a ría aínda foi capaz de soportar agresións tan salvaxes coma os recheos indiscriminados e ¿innecesarios?. Así na década dos 90 podemos citar:

Ano 1994
ENDESA
Peirao carboeiro ······80.000 m²
Ano 1996
MEGASA
Ampliación ···············90.000 m²
Ano 1997
Fdez Ladreda
Prolongación ············20.000 m²
Agora
Fdez Ladreda
Cerramento Norte·····50.000 m²
FORESTAL
Peirao·························90.000 m²



Foto da ría de Ferrol dende a Ermida de Caranza

Esta sangría de gañar metros ó mar non é xustificable por dobre motivo: a) temos unha zona ribeirega sen aproveitamento agrícola nin gandeiro, con grandes extensións de terras a campo e, b) estamos a restrinxir unha ría con unhas condicións extraordinarias para a producción marisqueira e piscícola.

Perigos

¿Que perigos ameazan neste intre á ría?.

Na miña opinión todos os problemas veñen do feito de que non hai unha ordenación de recursos e de espacios tanto privados como de dominio público. Dúbidas de que vai pasar co emprazamento da planta de regasificación: pasamos dun consenso de situala en Caneliñas á ameaza de trasladala a unha zona interna e case urbana en Punta Promontorio. Non temos xa claro se vai haber porto exterior ou non, coa agravante de que se se constrúe pode ter que competir co carboeiro de Endesa, co Fdez Ladreda (chatarra de Megasa) e co de Forestal (gas licuado e colas, ureas, etc)

Outro perigo e como consecuencia desa falta de ordenación é a restricción de espacios dedicados a bancos de marisqueo. Non se inverte en rexenerar zonas productivas e pérdense outras zonas por dedicalas a espacios industriais: toda a ribeira de Mugardos e o Seixo quedará vetada para o marisqueo unha vez que se transforme en zona de industria química.

Sigue a ser un problema a depuración das augas residuais: estamos a marzo de 2001 e non comezou a construcción da EDAR. Non parece que exista unha presión cidadá e política para que se corrixa ese factor de contaminación biolóxico que pode dar o traste coa comercialización do marisco.

Os movementos de defensa do medio están tremendamente apagados ou inactivos por diferentes razóns. A plataforma pola defensa da Ría de Ferrol, logo dunha crise na súa directiva, non parece ter clara a súa postura cara a temas coma a planta de ga s, o peirao exterior ou os recheos para paseos marítimos. Coido que existen demasiadas interferencias entre os axentes políticos e os movementos cidadáns e medioambientais.

O futuro

¿Que facer?. Os cidadáns necesitamos unha información obxectiva e veraz; non deben de primar os intereses empresariais e económicos sobre dos medioambientais, porque , a longo prazo, vólvense en contra de ambos intereses: non pode haber desenrolo fora do que pode soste-lo medio. Non podemos vender seguridade a cambio de uns postos de traballo. Eu poñería uns exemplos sen ánimo de ser catastrofista: desastres coma os de Biescas ou do Cámping dos Alfaques en España, envenenamentos coma os de Minamata en Xapón ou coma os de Seveso poñen de manifesto que unha deficiente ubicación de industrias poden causar desastres materiais e humanos de incalculables consecuencias.

Conclusión

Valoremos a nosa ría, aproveitemos as súas potencialidades productivas, non rexeitemos a industrialización pero esixamos asentamentos correctos e non perigosos. Consideremos que o espacio non é noso senón que o temos en depósito para conservalo para os nosos fillos.

José Graña Carrodeguas

artigo

A presencia da lingua galega no ensino

1. Introducción.

A Lei de Normalización Lingüística, aprobada polo Parlamento Galego en xuño de 1983, cumpre agora 18 anos. Aínda que o galego xa estaba presente nun número reducido de aulas desde 1979, foi a partir da aprobación da Lei de Normalización cando a súa presencia como materia de estudio se xeneralizou a todo o sistema educativo. Anos despois, en 1988, a Administración educativa sinalou a súa utilización obrigatoria tamén como lingua vehicular nalgunhas áreas do currículo (utilización ampliada en 1995, mediante un novo Decreto que é o que agora está en vigor). Son só dezaoito anos, un período moi curto, pero tamén moi intenso; durante este tempo houbo avances (moitos propiciados desde os movementos pedagóxicos de base) e resistencias de todo tipo (amplificadas sempre por algúns medios de comunicación), quizais porque todo o mundo é consciente de que as aulas son un dos lugares onde se decide o futuro lingüístico do país.

Neste artigo tratarei de realizar un sucinto achegamento á presencia actual da lingua galega (como materia de estudio, como lingua vehicular, como lingua ambiental) no sistema educativo. Pero a situación da lingua nas aulas non se pode entender desvencellada da realidade sociolingüística de Galicia. Unha realidade complexa, poliédrica e contradictoria, marcada ademais pola presencia de dúas tendencias contrapostas, como moi ben sinala Henrique Monteagudo nun traballo aparecido hai tres anos:

"... a instauración da democracia en España (1977) e da Autonomía en Galicia (1981) veu precedida e acompañada de importantes mudanzas sociais, cun efecto paradoxal sobre a situación lingüística do país: por unha banda, a perda masiva de falantes iniciais, que se reflicte no chocante contraste entre as xeracións máis vellas, galegofalantes nunha porcentaxe abrumadora (superior ó 80%), e as máis novas, con tantos ou uns poucos máis castelán ca galegofalantes iniciais; por outra banda, institucionalización do idioma galego, convertido en lingua (co)oficial do país, introducido no sistema educativo, nos medios de comunicación de masas, nos ámbitos públicos solemnes, etc. De cal das tendencias se revele máis poderosa dependen, nin máis nin menos, que o porvir da lingua do país".

Sabemos que o galego, malia ser a lingua propia de Galicia, só é oficial desde hai vinte anos. Antes, padeceu unha marxinación lingüística e cultural que se estendeu durante máis de catrocentos anos, que é a que explica unha gran parte dos problemas sociais que a nosa lingua ten na actualidade.

Calquera observador desprexuízado pode comprobar que o galego ten unha presencia social moito menor da que lle correspondería: o seu uso parece estar proscrito en certos ámbitos e funcións (ben porque está mal visto, ben porque se percibe como unha práctica non normal). É, en certo sentido, unha lingua oculta. Este ocultamento social da lingua (é dicir, a súa situación minorizada: sendo maioritaria, parece que non o é) é un fenómeno que, con maior ou menor intensidade, se estende por todo o territorio de Galicia, aínda que acada proporcións preocupantes nos ámbitos urbanos. A cooficialidade teórica escrita nas leis dista moito de ter unha correlación na práctica.

¿Onde están as dificultades? Aínda que é evidente que non son os únicos, os atrancos principais para un uso normal do galego teñen a súa orixe nas actitudes lingüísticas negativas e nos prexuízos que se derivan delas. Uns prexuízos e unhas actitudes que asentan as súas raíces na interiorización do esquema diglósico e que, como unhas "leis invisibles", seguen orientando os comportamentos lingüísticos da maior parte da poboación.

2. A situación oficial do galego no ámbito educativo.

Na Lei de Normalización Lingüística aparece concretado o marco legal definido previamente na Constitución e o Estatuto. No que se refire ó ensino, os artigos máis significativos son estes:

- O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.



Agustín Fernández Paz, lendo o Pregón dunha Feira do Libro en Ferrol

- Os nenos teñen dereito a recibi-lo primeiro ensino na súa lingua materna.
- As autoridades educativas da Comunidade Autónoma de Galicia arbitrarán as medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino.
- As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Do anterior, interésame sinalar que se lle pide ó sistema educativo que consiga alumnos e alumnas competentes nas dúas linguas oficiais, independentemente de cál sexa a súa lingua familiar e a súa lingua habitual. Entre outras cousas, porque esa é unha das condicións necesarias para que poida existir de verdade a libre elección individual de lingua que sinala o actual marco legal.

No posterior desenvolvemento lexislativo poden sinalarse dúas fases ben diferenciadas. Na primeira (1983-1988), só era obrigatorio o estudio da lingua galega como materia; isto significaba que recibía o mesmo trato que unha lingua estranxeira e que non garantía de ningún modo a adquisición da competencia nela (unha lingua só se aprende se se emprega en diferentes contextos comunicativos). Na segunda (desde 1988 ata hoxe), é obrigatorio ademais utilizala como vehicular nunha parte do currículo, unha medida destinada a facer posible a adquisición da competencia plena nela. O Decreto de 1995, que regula a utilización das dúas linguas no ensino, é o que define a normativa actualmente en vigor:

ETAPAS EDUCATIVAS ÁREAS EN GALEGO

Educación Infantil e 1° ciclo de E. Primaria

Os profesores usarán na clase a lingua materna predominante entre os alumnos, terán en conta a lingua ambiental e coidarán que adquiran de forma oral e escrita a outra lingua oficial, dentro dos límites propios da etapa ou ciclo.

Educación Primaria (2° e 3° ciclos)

Impartiranse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Educación Secundaria Obrigatoria

Impartiranse en galego a área de Ciencias sociais (xeografía e historia) e a área de Ciencias da natureza. Das optativas, impartiranse as de Ciencias medioambientais e da saúde e, se é o caso, a optativa ofertada polo centro.

Bacharelatos

Impartiranse en galego, como mínimo, unha materia común (Filosofía, en 1°; Historia, en 2°) e algunha das materias específicas de cada modalidade (aparecen detalladas no Decreto).

Formación Profesional

Na formación profesional de grao medio e superior, o alumnado recibirá ensino en galego nas áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración socio-laboral.



Agutín Fernández nunha conferencia no Ateneo

3.As perspectivas de futuro.

Aínda que a lexislación actual fala dun uso equilibrado das dúas linguas no ensino, esta aspiración está lonxe de ser unha realidade. As inercias e os prexuízos levan a que, en bastantes aulas, unha boa parte da aprendizaxe e das actividades se desenvolva só ou maioritariamente en castelán. Existe a sospeita de que a lexislación en vigor non se cumpre nun significativo número de centros, sobre todo no ensino secundario e na educación infantil. Esta práctica, aínda que estea tolerada socialmente, supón un ataque frontal ó marco legal vixente. Hai apreciables excepcións, pero, sobre todo en ámbitos urbanos, os centros educativos non son hoxe o "nicho ecolóxico" que a lingua galega necesita, non son un lugar onde se dean as condicións para que poida manifestarse con normalidade. Esta situación, ademais de ser un serio atranco para a adquisición dunha competencia plena por parte do alumnado, contribúe a que ó longo da vida escolar se reforce a situación diglósica de partida.

Isto explica que, desde diversos ámbitos, aínda se cualifique ó sistema escolar como desgaleguizador. Porque, dado que a lingua está socialmente minorizada, é clara a necesidade de que nos centros se dean actuacións positivas dirixidas a crear un ambiente que favoreza a súa utilización. Un ambiente así, non obriga ós alumnos que teñen o galego como primeira lingua a abandonalo (como tantas veces ocorre agora), senón que lles permite continuar instalados nel, xa que comproban que poden utilizalo sen complexos en calquera situación. E, nese ambiente, os alumnos que teñen o castelán como primeira lingua, ademais de comprobar na práctica que o galego se pode utilizar para todo, como calquera outro idioma, senten o estímulo de aprendelo, ó veren que é útil e funcional para a comunicación. A creación destas condicións favorables é a tarefa principal que deben afrontar a Administración, a sociedade e, de xeito especial, o profesorado.

En resumo: como o punto de partida era a nada máis absoluta, son moitos os avances que se conseguiron no sistema educativo nestes últimos dezaoito anos, pero, hoxe por hoxe, son claramente insuficientes. Conseguir que nos centros se cumpra a lexislación, contribuír á desaparición de prexuízos, incrementar o uso do galego como lingua vehicular, favorecer a súa utilización en contextos informais, servir de medio social normalizador... son algúns dos obxectivos que deberiamos acadar nos anos vindeiros.

Agustín Fernández Paz

Un novo milenio para a avogacía

I. UNHA ORDE SOCIAL CHEA DE MUTACIÓNS

Os avogados non somos alleos ás urxencias e premuras da época social que nos tocou vivir, respondendo tamén, quizáis, ó hegeliano dito de que cadaquen é fillo do seu tempo.

Tempo, o presente que, para uns, instálose nunha sociedade marcada por unha tonalidade evolutiva de constantes e aceleradas mutacións, ainda que para outros, resulte, non embargantes, un cambio meramente ruidoso e irrelevante ó producirse nuns marcos institucionais considerablemente petrificados, no cal as mellores armas serán, precisamente, aquelas que permitan crear esa ilusión de movilidade. Con todo, os cambios, con singularizados efectos, serán postos de relieve dende distintas ópticas e en terreos tan dispares como os do pensamento, a música, o mundo laboral ou a cotián vivir.

De aí que non resulte ocioso preguntarse - como xa fixeramos dez anos atrás nun achegamento ó quefacer do Letrado - se perviven, ou mudaron, algunhas negativas realidades e que, por variadas vías, afectaron o devenir da profesión, tales como a masificación profesional , a inadaptación a situaciones sobrevenidas e a insuficiencia e inadecuación de saberes; e, en análogo sentido, se ó presente se advirten, con repercusión no cotián exercicio da actividade, outras notables incidencias, pois patente resulta a reubicación ou relativización dos contornos axiolóxicos ou valorativos, con reflexo, en non pequena medida, no prestixio e importancia da misión deste profesional, e igualmente a mundialización, globalización ou internacionalización das relacións comerciais, económicas, políticas e xurídicas, se miramos o Dereito Comunitario ou o Dereito Penal internacional.

Sen configura-la expresión "crise de valores" cal molesta cantinela, ¿quen non lembra, para situacións pretéritas, alusións a "a baixa calidade moral dos tempos que corren", ou, en específica referencia ó mundo forense, "la perfidia de los abogados", por boca de C. Tácito.?

Nun intento de abranguer unha perspectiva que non se reduza ó momento, o avogado moverase dentro do substrato da dual dimensión que comporta o seu quefacer, por moitas que fosen as mutacións acaecidas, e que non é outro que render tributo ás súas esixibles formacións técnico-xurídica e humanista. Ben sabido é que a avogacía, en canto Institución, ven obrigada a ofrecer a quen serve, á sociedade e ó individuo, actitudes e conductas moldeadas cos compoñentes - vímolo dicindo a través dunha longa traxectoria profesional - da respetabilidade, da eticidade e do señorío. Ocorre, non embargantes, que estamos nunha cultura na que o espectro valorativo -con relación a épocas anteriores, aínda que non lonxanas- relativizouse ou mudou. Así creo, con Claudio Magris , "que hai que reivindica-los valores nunha cultura que, cada vez máis, considera a vida únicamente en termos de necesidade, eficiencia (e) utilidade. Á Europa que xorde despois de Maastricht - di este intelectual triestino - faltalle a conciencia e maila defensa do principio do valor, desa esixencia de valores universais que constitue, dende hai máis de dous milenios a esencia da civilización europea".

Sexa como fose, a problemática que trata a avogacía, sempre situada máis alá do estrictamente xurídico, calesquera que sexan a época e as latitudes confrontadas, figurará agora cargada de densa significación, de apremiantes solucións e, non poucas ocasións, de inaccesible, inabarcable ou insatisfactorio alcance, porque a mesma é correlato do comportamento desas sociedades, ás que, se tiveramos que caracterizar, faríamolo, con esa nota de apresurada movilidade ou de vertixinoso (ou espurio) discurrir, calificándoas de sociedades sen enquiciar, aturdidas ou turbadas.

Dentro do específico marcoxurídico, finalizando a década dos anos oitenta, xa CARRASCO PERERA, aquí na nosa patria, alertaba da vulgarización do dereito: "el jurista actual... tiene que asimilar día a día una legislación especial motorizada,..., difícilmente susceptible de racionalización... "; e, eso equivalía, segundo o autor, aínda que o fora nun paradóxico entendemento, a "la multiplicación del

material legislativo (que) lleva a un desapego del propio principio de legalidad, y se propugna la simple entrega al Derecho emotivamente creado por los jueces, sin control de legalidad y justificado en menores argumentos de conveniente equidad, cuando no de propaganda..." . En paralelo acomodo, recentemente, a prestixiosa figura de García de Enterría referiráse ás "leyes desbocadas".

E nese indicado marco, "a Administración de Xustiza funciona mal ou moi mal", segundo pensa o 46% por cento dos españois , crendo o 82% que "é tan lenta que máis vale evitala", segúdo o barómetro do Consello Xeral do Poder Xudicial, a quen, precisamente, corresponde o goberno do Poder Xudicial con suxeción ó previsto legalmente. Asemade, podemos ler que "máis da metade dos xuíces sentese acosada polos medios de comunicación", tan sequera "a maioría" amosábase "satisfeita co seu traballo". É evidente que as repercusións destas situacións chegan tanto ós cidadáns como os avogados. De aí que un sector destes últimos veña propugnando , en específicos ámbitos, a sustitución da vía xudicial pola arbitraxe e a mediación comercial.

Semella pois, calesquera fose observador, que unha importante cuota da comunidade social, institucións e persoas, actúa fora ou marxinada do quicio en que normalmente ha de moverse, ó xeito dunha unha porta que non acertara a encaixar debidamente, e, non embargantes, tendo que utilizala constantemente, sigue a servirse dela, insatisfeita, sabedora das deficiencias que presenta, pero tampouco preocupándose en demasía por unha pronta solución... pois o que ten, aínda que non "valga", stricto sensu, paradóxicamente "serve".

Con fondo e esperanzador alcance se presenta agora a nova regulación procesal civil contida na recente Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, cunha vixencia que arranca do pasado 8 de xaneiro deste ano, e coa expresa proclama lexislativa de ser un corpo orgánico para o cal "Xustiza civil significa, en fin, mellores sentencias, (e) que, dentro do noso sistema de fontes do dereito, constitúan referencias sólidas para o futuro e contribúan así a evitar litixios e reforza-la igualdade diante da ley..." Non embargantes a bonanza das intencións, e aínda que se trate de "un acontecemento xurídico que ten difícil parangón coa promulgación doutras leises ou códigos..., pois ninguen pode sentirse indiferente... dado os grandes intereses de todo tipo en xogo " (Montero Aroca) , en tanto non se aumente a plantilla xudicial e se lle dote de suficientes medios para acometela súa importante tarefa e, do mesmo xeito, se cumplan, en razonable esixencia, os plazos procesais e se leven a cabo, sen demoras, as execucións do decidido xudicialmente, o actual sistema xudicial seguirá enquistado en boa parte do seu funcionamiento.

II. FALTA DE TRATAMENTOS CRITICOS.

Cinguíndonos ó presente, sigue a ser necesario consignar que non é corriente atopar tratamentos críticos sobre as agrupacións ou corporacións profe-

sionais da avogacía e que emanen do seu propio seno (deixo a un lado o chamado Turno de Oficio e a regulación dos honorarios), dando a entender así que a súa tarefa, con lonxeva executoria, manten as notas configuradas como tradicionais e que, con maior ou menor rigor, acompañana: esto é, a defensa de terceiros diante dos órganos xurisdiccionais e o consello técnico pedido polos clientes.

Parece incontrastable que co paso dos anos, os cambios de toda índole sobrevenidos nas comunidades humanas, a acollida de novas actividades ou de diferentes papeles asumidos agora pola avogacía, que diminúen ou trasladan o eixo do que foran inconmovibles tarefas nesta profesión forense, retocaron considerablemente a visión tradicionalista e, para moitos, monolítica, do noso quefacer (defensa dos intereses e dereitos dos cidadáns e colaborador do Poder xudicial), difícilmente resultará hoxe aceptable porque, instalados en terra firme e co abandono de vacuas abstraccións, ben apreciable se ofrece ó observador do momento, a incorporación do avogado a terreos distintos dos previstos nas súas tradiciones oríxes, como poden se-los da empresa, pública e privada, o mundo da industria e dos negocios, os das técnicas de xestión, e outros, ata hai pouco impensables., tanto como iinimaxinable resultaba o xeralizado e internacional avance das fusións de despachos.

O variado exercicio profesional, as formas de actuación, o mencionado achegamento á mediación comercial e á arbitraxe, obviando o insatisfactorio, lento e anquilosado campo xudiciario, para concretas materias, ó igual que a competencia que outras profesións u oficios exercen arredor de traballos relacionados coa nosa actividade ou cos intereses susceptibles de defensa xurídica (asesores fiscais e financieros, economistas, auditores de contas, xestores administrativos, axentes da propiedade inmobiliaria, axentes de seguros, consultores de xestión empresarial, graduados sociais, etc., etc.), fan pensar que a tradicional configuración da avogacía e, por suposto, un xeralizado e invariable entendemento, xa non son aquelo que inicialmente foron. Os cambios non son tanto con respecto a concretos supostos, senon que incidirán na raíz da mesma función profesional, ensanchándoa o diminuindoa.

Tantas mutacións, perceptibles o imperceptibles, asumibles ou deshechables - fixémonos, sencillamente, na renovada tendencia á socialización ou funcionalización, observable nun previsible desenvolvemento do denostado Turno de Oficio, ou na inquietude que levanta unha recente Directiva Europea (91/308 CEE), que impon ós avogados a obriga de notificar ás autoridades toda sospeita de blanqueo de diñeiro, e que determinaría a denuncia do seu cliente, coa posible quiebra do secreto profesional - fan que nos preguntemos se neste intre, e para o sucesivo, as cualidades e esixencia atribuídas ó avogado continúan permanecendo válidas e sendo merecedoras de respecto.

III. FE NA LIBERTADE.

En verdad, o ordenamento xurídico, temos dito, foi e seguirá a ser o natural sustento do comportamento profesional do avogado,, pero atemperado, claro é, polo superior valor da xustiza, así configurado pola Constitución española de 1978 , a caron da libertade, a igualdade e o pluralismo político. A avogacía - entendeu o decano Ossorio y Gallardo - "máis que intereses, rexe paixóns, porque detrás de cada interése hai unha paixón;... a alma humana, en fin, é o que o avogado trae e leva". E aceptando tan amplia dimensión no desenvolvemento da tarefa, ésta precisa ofrecer en troques, unha realista, moderna e humanizada atención, onde o privilexio exclusivo e excluínte do patrocinio da defensa, reforzado polas consustanciais notas da libertade e independencia profesionais, a carón do consello e maila concordia, continúen a ser atributos e bastións preferentes da diaria tarea, sen prexuizo da acollida de novos quefaceres ou empeños, vinculados, todos eles, á función que realizamos, co obxecto de atender con ponderación e equilibrio, postos ó día na renovada formación que demanda o corpo social, a Institución á cal nos debemos e servimos.



"A implantación do Xurado Popular", mesa redonda no Ateneo Ferrolán coa participación de D. José Seoane, primeiro da esquerda a carón de Pablo Castellanos (9 de maio do 88)

Sobrada razón manten a reflexión carneluttiana, con persistencia nos tempos, de que, no fondo, a protesta contra os avogados é protesta contra a parcialidade do home. Parcialidade humana que, obviamente, non é creación da avogacía.

Non estaría de máis que quenes propenden ás fáciles e apresuradas regulacións, moi na liña do noso vertxinoso mundo, necesitado dun poco de sosiego e "acougo", o mesmo que os que airada ou veladamente temen infundados cercenamentos das súas misións, escoitaran a fértil apreciación daquel doctor Johnson, advertindo que a nada conduce levanta-la voz; importa moito mellora-los argumentos.

A avogacía seguirá a ser, en calquera caso e para todo tempo, un dos últimos reductos, unha insobornable voz que o ser humano ten fronte á desviación do Poder,la Marxinación, a Indiferencia, a Violencia, o Desprecio ou o Fanatismo, acollendo a defensa da persoa doente e necesitada, proclamandola triple fidelidade que lúcidamente propugnaba Couture, para refrendar "o dereito como o mellor instrumento para a convivencia humana; a xustiza como destino normal do dereito: e a paz, como sutitutivo bondadoso da xustiza e, sobremanera, da libertade, xa que sen ésta non hai dereito, nin xustiza, nin paz".

José Seoane Iglesias.

Galicia en números grises

A crónica galega dos últimos vintecinco anos, os que transcurriron dende o principio da Transición, está escrita en números grises. Nin bermellos, que contabilizan perdas e buratos financieiros, nin negros, que contabilizan os resultados positivos dunha xestión ben levada e rendible. Son os números grises dun país que empezou a democracia con un dos máis baixos niveis de benestar de España, e que cumple agora dúas décadas de autonomía habéndose consolidado como a Comunidade Autónoma que ten peores índices de benestar e que fica, coma sempre, entre os derradeiros niveis de renda, sin que ninguén -agás a veciña Zamora- ouse discutir con Lugo e Ourense a súa condición de faroliños bermellos dunha carreira polo desenrolo na que, ó lado de equipos tan potentes como Madrid, Barcelona, Bilbao e Valencia, tamén figuran outros como Soria, Teruel, Ávila e Cuenca.

Dito eso, e comprobadas as estadísticas, todo o demáis son leñas. Toneladas de demagoxia que pretenden transformar o arrastre español e europeo nun milagre de xestión, coma se o feito de comprobar que temos máis renda que en 1980, ou mellores carreteras que antes de entrarmos no programa FEDER, ou máis Universidades que fai quince anos.

É o síndrome de Fisterra. Un país que, lonxe de compararse cos seus veciños, e de ver como progresa Castela ou o Norte de Portugal, mira sempre para sí mesmo e síntese complacido de que, metido na voráxine desenrolista da Unión Europea, a atravesando un dos intres máis doces da historia de España, ten logrado diluir -¡faltaría máis!- algúns dos sinaís máis sangrantes do seu tradicional subdesenrolo.

¿En qué rexión de Europa se podería facer, coma aquí, un discurso pagado de cousas tan elementais coma ter teléfonos, rodar por autopista ou superar os sesenta kilómetros de velocidade media dun ferrocarril? ¿Qué ten pasado nestes anos en zonas como Valencia, Baleares ou A Rioxa? ¿Cómo están as infraestructuras de Andalucia, de Castela-León ou Extremadura? ¿Qué podemos contar nós que non poidan contar tamén os nosos veciños? Esas son as preguntas que hai que respostar. E esas son tamén as causas polas que describimos un panorama de grises, que anota o progreso común de Europa, pero que non ten folgos para abandoar os últimos lugares dunha clasificación de riqueza e benestar que acusa de xeito obxectivo e incontestable a baixa eficacia das nosas políticas.

Claro que os países non están feitos somentes de economía. Tamén hai política, imaxen e cultura, ainda que esta última tenda a medirse cada vez máis en puros termos de renda. E por eso compre botarlle unha ollada ó desenrolo da nosa autonomía, e ó xeito no que se vai estructurando a nosa realidade política.

Houbo un intre, fai vinte anos, no que Galicia compartía con Euzkadi e Cataluña o clube exclusivo das nacionalidades históricas, cando toda España tiña asumido que a nosa tradición intelectual e política, e a nosa forte identidade cultural, ían a ser coma un certificado indeleble de calidade autonómica. Eran tempos nos que soubemos defender o noso Estatuto, e nos que se iniciara a fonda remexida social e política que debera darnos unha estructura de partidos similar a que impulsou o proceso vasco e catalán. Pero todo aquelo foi enfriando pouco a pouco, e dentro da política do café para todos, nós mesmos quixemos optar polo descafeinado.

Hoxe ninguén sinalaría a Galicia coma unha autonomía avanzada e con peso no panorama político español, por diante, por exemplo, de Andalucía ou Valencia. Nadie diría que Canarias, Aragón ou Extremadura xogan nunha división distinta da nosa. E nadie faría unha selección política, económica ou social na que Galicia compartira titularidade con Cataluña e Euzkadi. ¿A razón? Que en vez de apostar por un modelo político maduro, con modelo propio e iniciativas políticas avanzadas, optamos por un sistema paternalista, baseado no clientelismo político e na subvención, onde todo esta relacionado coa subvención económica, co control da opinión e cun voto pensado para halagar ó poder e pagarlle os seus benéficos favores.



Conferencia de Xosé Lois Barreiro, no Ateneo, durante o ciclo "O futuro político de Galicia" (4 de maio do 88)

Por eso temos un Parlamento afónico, un sistema mediático domeñado, unha opinión pública sen folgos, e unha estructura de partidos que nos aboca a un modelo electoral institucionalizado, onde parece imposible cambiar o poder sin que se produzan cataclismos económicos e sociais imposibles de prever. E por eso ollamos cara o poder coma quen mira para un deus caprichoso e poderoso, que tanto nos pode premiar pola nosa humilde sumisión, coma castigar sin dor pola nosa tibia loubanza ou pola nosa aberta rebeldía.

A nosa dimensión, comparativamente pequena, impideunos disfroitar dun partido de ámbito estatal que nos convertira na referencia principal da súa política, como fixo o PSOE en Andalucía. A febleza da nosa sociedade civil, e a falta de actores interesados na determinación do poder, impedíronnos contar con partidos de ámbito territorial capaces de xogar con forza na política de Estado, como fixeron vascos e cataláns, e como están a punto de facer canarios e aragoneses. E a nosa incapacidade para manter unha dinámica autónoma no Partido Popular, e a conseguinte sumisión do partido ó caudillismo persoalista de Manuel Fraga, privaronnos tamén das vantaxes que supón contar con líderes coma Zaplana, Lucas ou Arenas que xogan forte na definición das políticas de Estado. E por eso somos unha especie de reserva intocada, que, no tanto de facer política eficaz e avanzada, perdemos o tempo mirando para o embigo e xogando ós "Xacobeos".

Por si algo faltara, tamén a oposición parece ficar presa dun modelo imposible de romper. Porque, si ben é certo que o BNG conquireu importantes e loubables metas no camiño da unificación nacionalista e na expansión do seu electorado, está fracasando en cambio na tarefa de conformar un partido moderno e dinámico, capaz de acoller a amplas capas do centro e de plantexar unha alternativa realista fronte ó dominio popular.
O PSdeG-PSOE, mentras tanto, preso da súa crise xeral e da desorientación radical das súas estratexias territoriais, parece de todo punto incapaz de liderar unha alternativa, que o papel preponderante de Paco Vazquez, tan potente coma estrábico, se encarga de triturar.

Tal é o noso panorama. Para min, sen dúbida algunha, gris e desesperado. Pero que pervive, e mesmo se afianza, gracias a que hai unha maioría de galegos convencidos de que "non nos pode ir mellor", e de que, estando fatalmente condenados a vivir no subdesenrolo, podemos darnos cun canto nos dentes por ter sido enganchados -¿sen merecelo?- ó tren económico de Europa e á sua sucursal aznarista.

E non faltará quen diga que, xa que vivimos de pedir, non deixa de ser un luxo o ter a Fraga na presidencia. Porque ten prestixio fora e sabe expoñer con eficacia as nosas necesidades.


¡Vaya por Deus!.
Santiago, 17 de marzo de 2001
Xosé Luis Barreiro Rivas

Evolución do transporte marítimo ferrolano "de cercanías"

Coa remuda das xeracións mudaron os costumes, as necesidades, cambiaron a sociedade e economía galegas; con todo evolucionaron as mentalidades e os conceptos de tempo e de distancia, os usos do transporte e as mesmas medias de nos transportar, desprazando o terrestre e o aéreo ao marítimo, e máis especificamente a este que nos ocupa.

O transporte marítimo "de ría" evolucionou e decaeu en relación directa ás melloras nas comunicacións terrestres, polos cambios no modo económico/productivo capitalista e nos modos de vida, segundo a poboación galega foi pasando dun case autoabastecemento a outros hábitos de consumo; polo paso dunha situación de aillamento no que case era innecesario viaxar a unha progresiva cohesión do territorio, con posibilidades de acceso ás máis modernas tecnoloxías do momento (das sinos das campás e do Tren Correo / lancha / coche de ferias y mercados aos autobuses, aeroportos e autopistas, televisión, Internet,... quizais por riba das outras formas de cultura e comunicación)..... Se no anterior percébese un salto dende estructuras precapitalistas a outras neocapitalistas -coido que sen artellar unha real solución de continuidade-, á tendencia das institucións a entender os camiños do mar só para as mercadorías, e as vías terrestres para tódolos desprazamentos das persoas, sumouse á falta de "idea de empresa" na case totalidade duns lancheiros tradicionais e artesanais que só en dous casos souberon desenvolver axustadamente o servicio. Todo o anterior (e máis) está no decaemento do transporte de ría e na súa pervivencia nas de Vigo e Ferrol, E co decaemento das rutas do mar fomos perdendo a riqueza histórico-etnográfica que había nas antigas embarcacións e darredor delas.

Na Galicia mariñeira do século XVIII houbo cambios ben apreciabeis, autóctonos, derivados da instalación dun Arsenal na ría de Ferrol (novas ideas, novedosas técnicas constructivas, ...) e pola chegada de vascos, "oficiales de los oficios" dos estaleiros e de cataláns, "fomentadores" da salga: os segundos trouxeron con eles novas técnicas empresariais, embarcacións e artes de pesca mediterráneas; cos primeiros coñecéronse os cascos biscaíños precedentes das bucetas e das traíñas e establecéronse relacións de intercambio demográfico e cultural todo ao longo do Cantábrico. Cen anos despois convivían nas nosas costas as embarcacións tradicionais e as importadas, destas algunha que viñera de alén mar: eras as gamelas, dornas, lanchas do xeito e da xábega e de relinga, balandros, caiumbos, barcazas, botes, gabarras, trincados, chalupas, pataches, racús, pinazas, pailebots, polbeiros, volanteiras, chalanas, canoas, faluchos, menuetas, barlotes, traíñas, caiucos, galeóns, chinchorros, bateis, ..., con eles os últimos grandes veleiros da carreira de América e os primeiros vapores. A pouco as sereas de bakas, boniteiras, bous ou tarrafas, movidas por carbón e que esculcaban novos e arredados caladoiros, tiveron a compaña do fume das chemineas de máquinas alternativas que movían "lanchas para Viajeros en Servicios de Ría", complementando do primeiro e desprazando despois as barcaxes a remo e vela pois ofrecían viaxes máis rápidas e a garantía dun cumprimento horario. Nos anos seguintes desapareceron pequenos armadores, outros artellaron empresas para competir coas de autobuses que -recorrendo máis dunha vez a noxentas manobras contra das liñas do mar- usaban dunhas progresivamente remozadas carreteras. Dese tempo en diante os cambios tecnolóxicos e sociais conduciron á desaparición tanto de rutas como de moitas embarcacións clásicas -patrimonio común que moitos desexamos sexa conservado-, ata a aceleración da crise no sector nos anos setenta da man das aceleradas transformacións das infraestructuras terrestres, dos cambios na poboación e na sociedade. Foron indo ao desmantelamento e ao desguace case todas as antigas embarcacións, tamén pola irrupción no eido da construcción naval de materiais (aluminio, plásticos), formas (dobre casco, popa cadrada), propulsión (turbinas, hydrofoil), polos novos trebellos de seguridade imprescindíbeis para navegar autorizadamente (sonda, GPS), polos cambios de dominio das instalacións portuarias, polas normas que veñen da Unión Europea...Na altura do ano 2001 só perviven en Galicia a penas media ducia dos históricos barcos de pasaxe e só navegan no servicio regular na ría de Ferrol.



As lanchas da ría

(Quen non cruzou a ría
na lancha de Chirivía?
Chegue tarde, chegue cedo
¡El sempre atravesa a ría!
(Popular, Mugardos)


A pesar do seu pequeno tamaño (26 Km. cadrados), é ría de Ferrol ofrece unha ampla complexidade de liñas, armadores e rutas interiores, e augas onde os abaneos do sector naval e as infraestructuras (a Ponte das Pías, o recheo da Malata) afectaron máis a este transporte; pero a tal proceso non foi alleo o desprazamento do centro comercial da cidade de Ferrol lonxe do barrio portuario dende os primeiros anos da década dos setenta. Debemos ter en conta, finalmente, que a actividade laboral principal leva máis de dous séculos artellada darredor do sector naval, sexa na industria ou no servicio na Armada: o Arsenal chamaba polo transporte en lanchas e do Arsenal saían ideas, materiais e técnicos que incidíron nos cambios da pasaxe.

Dende comezos do século XIX hai mencións abondas ás embarcacións de remo e vela que cruzaban a ría, baixaban a Ferrol dende Neda e Xubia e das que navegaban a escasa distancia que por auga separan A Graña e A Cabana do peirao de Curuxeiras, pero non atopamos nomes de embarcacións concretas, só citas específicas a travesías a Ferrol dende Mugardos e O Seixo: aquel -fora dos viaxeiros propios- unha ruta que, continuando ata Ares por terra, permitía embarcar alí cara Betanzos, Sada ou A Coruña; hoxe unha viaxe sorprendente, ata non hai moitos anos moi habitual. Por mar e a O Seixo fuxiron os republicanos que proclamaran como Cantón Federal y Soberano a cidade de Ferrol un día de Octubro do ano 1872, pois O Seixo era a saída natural da xente cara e dende Ferrol, e Posta forzosa do Correo ata o ano 1886. Da conta da importancia da pasaxe de ría que a Capitanía do porto regulamentara xa no ano 1877 o atraque, as tarífas e as primeiras medidas de seguridade para botes e lanchas.

No 1889 Don Nicasio Pérez alugou dos lanchas vaporas para comunicar con regularidad y comodidad todos los pueblecitos de la ría, pero a inexistencia de ramplas de atraque impedía ás lanchas deixar aos pasaxeiros en terra, polo que continuaron prestando o servicio uns armadores-patróns á vela con tripulacións que carretaban ao lombo aos viaxeiros e no colo ás viaxeiras entre os barcos e a ribeira cando estaba baixa a maré: as dúas lanchas vaporas marcharon ao porto da Coruña destinadas ao transbordo de emigrantes -pois "exportar" xente era outra actividade do Sr. Pérez-, e outra máis que el armara no 1893 para a ruta Ferrol-A Graña-San Felipe-A Palma, con militares como os seus principais usuarios, sufriu un incendio en maio do 1896; foi reparada, pero en marzo do 1897 o remolcador Cabo Prior mandouna a pique, apreciando a prensa da época que foran vintacinco os pasaxeiros afogados.

Empresas que prestaban servicio en la Ría de Ferrol

Mugardos



Cía. Chirivia y Vila

Mugardos




Cía "Protección Mutua" Empresa Obrera

La Graña




Cía. Eliseo Martorell

La Cabana




Cía. Dorrio

El Seijo-Barallobre



Hijos de Manuel Fernández

Perlío



Cía. Gómez Calviño

Dende principios do século XX foi decaendo o servicio da pasaxe en barcos de vela (foi soado o preito dun armador de Xubia nos primeiros anos do século contra a construcción da ponte do ferrocarril sobre a ría, pois estorbaba pasar por baixo ás súas embarcacións de vela) que ían sendo substituídas polo vapor, aínda convivindo ambas propulsións ata certamente o 1933. A primeira vapora a considerar é no 1909 en Perlío, a Jacinta (non fora construida ex profeso senón que era unha "bonitera" adaptada, con figura rapidamente imitada nas lanchas de toda Galicia), e inmediatamente (1910-1911) as máquinas alternatívas de vapor (a San Nicolás do Seixo e outras da mugardesa Empresa Zárate) moveron pasaxeiros ata os peiraos de Ferrol (os de Curuxeiras e os de Fontelonga e de San Fernando, estes militares e para o persoal da Mestranza pero tamén accesibles a outros moitos viaxeiros) procedentes fundamentalmante das ramplas de atraque indicadas máis atrás, pois fóra das do Seixo e Mugardos nas outras vilas da volta da ría non foron construidas ata os anos vinte ou trínta; tan necesarias infraestructuras facilitaron que neses portos puidesen atracar embarcacións co calado dos vapores, e algúns dos lancheros tradicionais seguíron adoptando a modernidade (Alonso+Beceiro en Perlío coa Luisa e a Josefita, Pena Chirivía en Mugardos coa Carmenchu, Vizoso en Maniños coa Lamáchiga; algúns pequenos armadores buscaron socios capitalistas (no Seixo, desaparecido o señor Agustín Rey e as súas

tres lanchas de vela, A Compañía reuniu no 1922 catro barqueiros e dous investidores para adquirir a Pérez Galdós; outro caso foron Bueno+Martorell en A Graña e a Etexeburu, outra "bonitera" remontada), traspasaron (Zárate a Pena Chirivía no 1927 en Mugardos), ou mantiveron as demáis lanchas da ría como empresas familiares. En competencia co tren dende o 1913 e cos tranvías ao pouco, a vía naval dende Neda e Xubia morreu no 1927, e para o 1929 a vela/remo só viaxaban mercadurías e -por ser máis económico o prezo da pasaxe- as regateiras, algúns cabanenses co señor Rafael Alonso e mugardeses que confiaban na experiencia do señor Adolfo O Xordo.

Foi entre os anos vinte e os corenta cando foron construídas ou adaptadas ao transporte de viaxeiros moitas das lanchas antigas (Alegre, Brusco, Carmiña, Cucaracha, Ferrolano, Ferruxa, Globo, Grillo, Ignacio, Lolita, Oliva, Ninfa Marina, Ramón, San Antonio, Santa Teresa, Siempre Adelante,...), outras que aínda navegan hoxe pola ría (Bestarruza, Vila de Mugardos, Vila da Graña,...), as que alternan os servicios contratados con ASTANO coas viaxes entre A Coruña e as praias de Oleiros, aquelas que atracan para a procesión do Carme no Seixo e Maniños (Beiramar, Segunda Josefa Amalia, Villa de Perlío ou a Ferrolana, esta última ata que a botaron a pique en Octubro do 1996); a Cabo de Leiras pasou ter un uso ben pouco digno en Sevilla despois de facer alí bos servicios canda a EXPO do 1992, e un dos Adriano de Barallobre é el vaporcito del Puerto do Rafael Alberti na badía de Cádiz.


Nos anos da Segunda República a antiga e apousada tradición de organización obreira propia da volta ferrolá e a importancia social e económica das lanchas de pasaxe, xerou un fenómeno de colaboración asociativa como a constitución en Mugardos o 31 de Outubro do ano 1931 da "Sociedad Obrera-Protección Mútua", por man de afiliados CNT e a UXT e militantes do Partido Comunista e por mor de constituir unha "sociedad de resistencia de todos los individuos que necesiten el servicio diario de transporte marítimo de Mugardos a Ferrol"; esta asociación convenceu ao señor Ricoy, armador da Florina, para aportar a súa lancha que, co significativo novo nome de Siempre Adelante, navegou lucindo a súa caracterísrica e simbolica cheminea encarnada ata ser "requisada" no 1937; rebautizada como Pena Furada continuou na Empresa Vila, pero sempre será lembrada como a "lancha obrera". Nesta historia "política" subliñarei á lancha Galicia ou Ramón na que deron chegado a Francia no 1939 e puideron salvar a vida unha mada de demócratas de varia afiliación política que sobreviviran agachados á sanguiñenta malleira do trinta e seis. Nesa dura represión a Lancha Militar Santa Teresa conduciu ducias de presos políticos de esquerda aos castelos de San Felipe e A Palma... E moitas veces cargaba os cadaveres dos que alí foron fusilados.

Dende o ano 1930 a rápida evolución técnica e socioeconómica motivara ás primeiras fusións. No 1929 Adriano Fernández (persoa dunha incrible versatilidade económica e ideolóxica) abandonou a liña de Barallobre, e cunha alianza familiar, a activa dinastía M. Fernández comezou un proceso de absorción-asociación-monopolio en Perlío,Maniños e Barallobre que continuou coa compra da chamada A Compañia do Seixo nos anos 1946-47, sempre mantendo a cor marela nas chemineas das lanchas. Aberta a Ponte das Pías, a pasaxe marítima dende Perlío diminuiu, e, absorbida a rampla de atraque nunha ampliación de ASTANO, esta liña desapareceu no ano 1969, mantendose a empresa na pasaxe de Maniños-O Seixo-Ferrol ata o 1977 con beneficios que ían a menos pola competencia dos autobuses; ampliando a empresa con remolcadores e dragas, as mesmas lanchas perviven na pasaxe estival en augas da ría da Coruña.

Outra concentración sucedeu en Mugardos nos anos 1936-1938, eliminando o señor Vila toda competencia con métodos que el mesmo sufriu cando no 1950 armou lanchas a Empresa Guillén, monopolista dende o 1951 e traspasada no 1963 á Empresa Dieste-Gómez, dende o ano 1977 única liña que, coa súa característica cor azul cobalto, segue navegando regularmente nas augas ferrolás. O máis grave accidente que houbo no transporte de ría en toda Galicia no últimos cen anos produciuse nesta ruta en febreiro do 1947; abonda reproducir un

fragmento da Acta do Pleno do Concello de Mugardos do 1 de marzo para decatarnos da traxedia: La corporación municipal acuerda se haga constar en acta su profunda condolencia por el desgraciado accidente marítimo ocurrido en esta Villa en el día de ayer, al abordar el destructor "Sánchez Barcaiztegui" a la lancha de pasaje de esta Villa "Generalísimo Franco", y en el que perdieron la vida varias (foron doce, todas mulleres que regresaban na chamada "lancha das comidas" de ir levarllelas aos homes que traballaban en Ferrol) personas de este pueblo."). Desta mesma embarcación debo anotar as viaxes extraordinarias -e con vixiancia policial- da Generalisismo Franco nos anos 1975-76 ata a pequena rampla de atraque do castelo da Palma por mor das estadías nese carcere militar dos oficiais demócratas da UMD,e no paso do 1981 ao 1982 a do golpista Antonio Tejero (¿Non é ironico o nome do barco nesas circunstancias?).

No 1922 Bueno+Martorell substituíran con mínimos vapores "de limpio color gris y con un horario regular y fijo" as embarcacións a vela que alomenos dende o ano 1855 facían -sobre todo- o servicio do persoal da Base Naval da Graña: ao Etexeburu seguiuno o Lolita, ás dúas antigas "boniteras" sen cámara para a pasaxe ; prolongando ruta ata San Felípe as lanchas máis lembradas son a Santa Teresa, a Concepción Arenal e a citada Villa de la Graña, vendidas no ano 1970, moi mirrado o número de pasaxeiros pola competencia duns



autobuses que comezaron dun xeito cando menos algo desleal, pois o seu xerente "subvencionaba" os incumplimentos horarios das lanchas e moitas falsas averías das embarcacións... Presenta A Cabana características moi semellantes: embarcacións de vela (tres delas da familia Alonso) ata os primeiros anos vinte, e a familia Dórrio como introductora do vapor nunha época en que o mar aínda enchía dende Punta Arnela e A Malata todo o que hoxe é terra ata os Corrales, polo que a vía do mar era á habitual como máis directa e cómoda para os viaxeiros regulares, amais dos veraneantes, ociosos e siareiros que acudían a un varadoiro reconvertido en "Piscinas y Pista de Baile Brisas del Mar" ou ás festas do Santo Antón, día -no ano 1947- doutra das traxedias na ría, con dous afogados cando deu a volta a lancha diante da xiratoria (unha boia reguladora) do peirao de Curuxeiras; nesta ruta da Cabana a Ferrol foron os recheos reducindo a distancia por terra, a extensión dos autobuses e o uso de vehiculos privados o que obrigou a amarrar á San Antonio, a María del Carmen e a Teresa no ano 1969.

Só no caso da ría de Vigo a pasaxe mantén unha pegada tan fonda e perdurable nas memorias e unha presencia como na de Ferrol: se dende Mugardos, O Seixo ou Maniños moitos dos viaxeiros podían continuar camiño cara Ares ou Pontedeume por carretera na Rubia do Músico, nos "coches de línea" locais ou polos seus medios, dese tempo (ata os anos 1965-1968, cando cos autobuses cambiou enormemente o modo das viaxes) hai un anecdotario moi rico referido tanto á pequena aventura que para moitos era a travesía , como a súa gran importancia na transmisión socioideolóxica. Coido que o máis destacable desta xeira foi o uso habitual/regular das lanchas e os moitos costumes que darredor

delas se elaboraron e con elas se manteñen: os peiraos de "dentro" ou de San Fernando e Fontelonga no Arsenal (deixaron de usarse para o transporte pouco despois da "Folga do Aceite" protagonizada polos obreiros en Xuño do 1946), e o de "fóra" ou da dársena de Curuxeiras. As "lanchas de la Maestranza" ao mencer, ao mediodía e ao solpor para levar aos traballadores dos estaleiros. As garaxes de bicicletas preto das ramplas dos pobos da ría para que os pasaxeiros as gardaran ata a súa viaxe de retorno. Uns mandadeiros e mandadeiras especializados na paquetería da terra que en Ferrol chaman a Outra Banda. Os horarios escolares adaptados en Ferrol aos dos estudiantes que se desplazaban nas lanchas. As carreiras entre as lanchas e os bateis deportivos mugardeses. O contacto humano e a intimidade (abordo dunha lancha de Maniños naceu no octubro do 1956 unha nena que recibiu o nome do barco e do medio: María do Carme do Mar). A transmisión ideolóxica, cunha forte concienciación e mesmo adoutrinamento (especialmente nas lanchas de Mugardos e O Seixo había unha moi ampla complicidade democrática e antifranquísta, segundo destacan informes policiais; deí que por orde gubernativa fora interrumpido o servicio marítimo en Xullo do ano 1936 e aqueles días de marzo do 1972, cando o franquísmo encheu Ferrol de sangue, que non de medo). Había tamén unha certa fachenda mariñeira entre os que viaxaban a cotío, e excursións regulares, xiras, romarías... E aínda que a mudanza dos tempos esvaecera moitos deses hábitos, aínda no verán do 1997 un rapaz quixo navegar ata Inglaterra na lancha de Mugardos por recuperar á súa namorada británica...

No 1995 Quinín Gómez e a Empresa Fernández Cabanas conseguíran a regulación do tráfico da ría solicitando que o transporte marítimo fora declarado servicio público, e Juanecho López Freire á frente de Retrasub (empresa que colleu o traspaso de Gómez-Lanchas de Mugardos no ano 1997) aumentou a oferta, adquiriu dúas lanchas novas e organizou xiras turísticas, pero a liña foi perdendo pasaxe e ía camiño da desaparición, anunciada para comezos do 1998. Ficaría só o remol dunha antiga memoria navegante cando en Xaneiro do 1998 o buque-plataforma Discoverer Enterprise desfixo a Ponte das Pías e devolveu a súa utilidade ás lanchas de Mugardos, Retrasub reabriu a ruta do Seixo-Maniños e volveron os atraques "dentro";aínda que moitos redescubriron os camiños do mar como bos e rápidos, entrado marzo dese ano remendaron As Pías, a liña do Seixo pechou en Abril, continuou na de Mugardos-Ferrol a diminución do número de pasaxeiros e chegado o ano 1999 a Autoridade Portuaria decidiu declarar libres os servicios portuarios, de xeito que á empresa mugardesa só lle quedaba o transporte de persoas. En febreiro do ano 2.000 o armador de Retrasub decidiu o amarre definitivo, pero e o Concello de Mugardos demandou de novo a declaración de Servicio Público, e as lanchas de Mugardos, facendo os demáis traballos portuários, poderán manter a vía do mar na ría de Ferrol.

Bernardo Máiz Vázquez

(de "Embarcacións de pasaxe das rías galegas" do mesmo autor). Edicións Xerais de Galicia, 2.000.

Actualidade da reflexión Bioética

O final do século XX permitiunos coñecer da man da biociencia a secuencia completa do xenoma humano e, é ó fío deste espectacular desevolvemento científico, xunto ó cal se xustifica a aparición da reflexión bioética. A traxectoria que marca o comezo do descubrimento da estructura da doble hélice do ADN por J. Watson e F. Crick en 1953 e pola notoriedade que acadon os experimentos realizados con seres humanos na sociedade americana entre 1970-1975. Esta realidade pon de manifesto a necesidade dunha nova ética médica, a partir de novos principios capaces de controla-las intervencións sobre os enfermos "libres" e capaces de consentir. Pero este tipo de coñecementos e a súa aplicación ós seres humanos puxo de manifesto tamén a fraxilidade do discurso dos dereitos para impedir que o corpo humano e os seus prductos entre no mercado, como outra mercancia máis. A esta demanda social respondeu o oncólogo americano, V. R. Potter (1971) propoñendo unha nova versión ética médica a Bioética.

Os descubrimentos bioxenéticos e tecnolóxicos dos últimos cincuenta anos produciron espectaculares modificacións na biomedicina. O desenvolvemento cualitativo da ciencia fundamental concretouse en ciencias aplicadas, o cal á súa vez, estimulou a interacción ciencia-sociedade. Se ben ó longo deste século tiveron lugar outros importantes descubrimentos científicos -como a física nuclear ou informática-, non embargantes ningun como a bioxenética provocou cambios tan importantes na sociedade. A bioloxía contribuiu a desmitifica-los procesos vitales. Mudaron as formas da reproducción, a manipulación dos caracteres hereditarios, as formas de diagnosticar, prevenir e curar, de identificar ós delincuentes, de tratar ós moibundos, ós portadores de enfermidades irreversbles, ata facer técnicamente posible a clonación dos seres vivios.

As novas posibilidades das biociencias presentan como Jano unha doble faz. Aparecen como recursos valiosos para combater enfermidades, detectar precozmente patoloxías conxénitas ou hereditarias e para proporcionar cantidade e calidade de vida. Non embargantes, ese inmenso potencial xenera grandes inquietudes entre os investigadores, políticos e na sociedade en xeral. Son preocupacións relativas ós grandes riscos que esas prácticas entrañan, relativos á integridade das persoas e para a continuidade da especie. Os temores que suscitan as aplicacións das ciencias da vida relaciónanse co mundo dos feitos e co exercicio e garantías dos Dereitos Humanos, polo cal tamén xeneran problemas de ética social e de natureza política. E esto porque as novas prácticas tenden a modela-los comportamentos individuais e, á vez, transforman aspectos simbólicos incuestionados na cultura ata hoxendía. Alcanzan incluso a cuestiona-la idea mesma da sociedade plural. Por iso esas innovacións tecnolóxicas afectan dun xeito especial ás normas deontolóxicas, éticas e xurídico-políticas.

Arredor da reflexión bioética agrupanse terminos relatvos á reproducción artificial, manipulación xenética, a terapia sobre embrións, euxenesia, técnicas de mantemento vital, transplantes, clonación, consentimento informado, etc.; arredor destes temas confluen profesionais de procedencia disciplinar diversa para, mediante a análise, aborda-los problemas xenerados e avantar vías de solución sen vulnera-los dereitos fundamentais individuais. Esta reflexión que, dende 1971, recibe o nome de bioética, constitúe na actualidade "o tema do noso tempo" pola importancia dos asuntos implicados e o futuro alcance dos mesmos.

Arredor do que convencionalmente se chama "bioética" agrúpanse profesionais de variada procedencia para abordar temas complexos dende un amplio "ángulo multidisciplinar", filósofos, sociólogos, teólogos, xuristas, biólogos, psicólogos e médicos. Dende a actividade académica, ou coma membros de "comités de ética", contrastan perspectivas con fundamentacións diversas co gallo de avanzar solucións morais posibles, sen lesiona-los dereitos subxectivos dos suxetos implicados. Naturalmente que esta reflexión específica constitúe un arduo traballo, na medida en que ditos problemasse asentan de cote na paradoxa resultante de postular



Mesa Redonda do ciclo de Bioética, organizado no Ateneo coa colaboración de Asunción Cambrón, entre Manuela Manso e José Luis Tasset. Á esquerda Manuel Recuero e Juan A.Garrido.

a un tempo: "a autonomía da vontade do suxeto" e a dimensión social da persoa; actividade que esixe, necesariamente: ponderación e consenso para xerarquiza-los dereitos fundamentais, Dito doutro xeito, os bioéticos teñen que dar respostas ós problemas que xiran arredor á delimitación do científicamente posible e o moralmente lexítimo.

As reflexións bioéticas adoitan centrarse nos riscos que para as persoas derívanse da aplicación das biotecnoloxías. Riscos de grande envergadura que semella posible conxurar coa sola "boa" práctica médica e coas normas xurídicas en vigor, civis, penais e administrativas. Non embargantes, abundantes bioéticos encírranse en establecer novos límites -en liña de continuidade coas normas vixentes- para regula-las prácticas biosanitarias e para proporcionar ós lexisladores criterios cos cales subsana-las "lagoas" de Dereito. Estas iniciativas son, en xeral, benintencionadas e incluso altruistas. Non embargantes, limitarse a elas implica seguir un camiño que non leva á completa análise dos problemas, nin moito menos a configurar vías de solución ós mesmos. E non so porque a vía do consenso semella inadecuada para alcanzar acordos relativos á "vida" e á "morte", como se aprecia nos escritos bioéticos aparecidos nos últimos dez anos. Fundamentalmente, porque ademais dos "difíciles" problemas ligados ás concretas prácticas biosanitarias, á diversidade de opcións personais e á inadecuación ou carencia da regulación xurídica, subxacen outros inevitables problemas, dos que dependerá a identificación dos mesmos e a súa resolución. Sucintamente pódense identificar estos coa crecente mercantilización dos coñecementos e da aplicación biotecnolóxica ó corpo humano, nos órganos, tecidos e ADN. Novas prácticas biosanitarias que mudaron as costumes, os valores e as filosofías nas sociedades occidentais.

Arredor da comercilaización do corpo e os seus productos pódense obter probas a cotío. Aínda que este asunto merece unha consideración máis polo miudo. O segundo fenómeno é máis profundo e ten unha especial relevancia para o Dereito e non so en tanto que este regulamenta os conflictos que se producen na sociedade polo que intrínsecamente debese axeitar ós novos trafegos. Tamén, na

medida en que as aplicacións das biotecnoloxías plantexan unha censura cultural que afecta ás representacións que, nunha determinada formación social, teñen os individuos de sí e das súas relacións cos outros. En canto que, das representacións que nos facemos de nós mesmos e da sociedade, depende tamén a natureza das relacións humanas que se establezan e que son obxecto específico, por definición, específico, do Dereito.

É manifesto o efecto que as prácticas biomédicas tiveron sobre a antiga concepción da "natureza" humana. O cambio representa unha censura entre a cosmovisión e maila ontoloxía dende a que tradicionalmente se interpretaba a vida e maila morte e a que existe nas sociedades desenvolvidas. Por iso os grandes relatos, ou cosamovisións, vixentes ata tempos recentes agora están en crise. E o que é importante, non so nos medios intelectuais, senon para o conxunto da sociedade chamada a consumi-los recursos e mecanismos "normalizados" polas biociencias. Amplos sectores da sociedade reciben información arredor do que é posible facer biotécnicamente e que as mesmas reglas do mercado encarganse de vender coma "producto atractivo". Posibilidades que os cidadáns contemplan con optimismo e que, non embargantes, poden vetarse no seu país concreto. A situación factual coloca á potencial demanda diante dun dilema se quere optar polo recurso afectado. Deste xeito prodúcese unha situación paradóxica: alguns recursos ofertados pola biomedicina coma consumibles son prohibidos pola lei, o cal non significa imposibilidade de leva-lo a cabo. Tomemos coma exemplo a maternidade subrogada, prohibida en España - o cal non quere dicir que non se realice, senon que a posible relación contractual non deu lugar a conflicto entre os contratantes. Se unha muller ou parella necesita recurrir a unha nai de aluguer para ter descendencia, pódese desplazar ata Gran Bretaña. ¿Qué problemas tería a parella enton se xa somos europeos?. Tan so un: os cartos suficientes para paga-la producción do seu descendente.

O anteriormente falado é dabondo para significa-la importancia e complexidade dos problemas bioéticos. Ocuparse dos mesmos é unha apaixoante tarefa e abrumadora ó tempo. Apaixoante o porque somos actores e observadores privilexiados que vivimos e coñecemos o inmenso poder das bioteconoloxías para a humanidade. Pero a tarefa que se nos presenta é abrumadora cando se constata o impresionante poder dos intereses que actuan ó seu arredor, que envolven a trama das aplicacións bioteconolóxicas e que agravan os problemas. Pero a análise desta realidade amosa tamén a necesidade de trasladar á sociedade o resultado, tan sequera provisional, destas reflexións para que coa participación da maioría se acaden, primeiro, identificar eses intereses e logo negalos porque representan un obstáculo que dificulta o necesario beneficio das conquistas sociais acadadas polas ciencias.

Ascensión Cambrón


AF